



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 25 de marzo de 2022 (1174/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. O concelleiro Sr. Pardo Espiñeira incorpórase ás nove horas e dez minutos.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(189).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo e ordinaria do 17 de marzo de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(190).- BASES E CONVOCATORIA DAS “SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES NA AREA DE SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2022”. EXPTE. 230710/301.**

Visto o informe xurídico do 10/03/2022 e o informe de fiscalización do 15/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 10/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de

Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. INFORME

I.1. Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política de Benestar Social, pretende convocar un ano máis as subvencións para entidades e asociacións desta natureza, destinadas á realización de proxectos, programas e actividades na área dos servizos sociais en 2022.

I.2. Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Para tal fin elaboráronse no Servizo de Benestar social as bases do procedemento de concesión destas subvencións; subvencións que o Concello de Vigo ten previstas no seu orzamento para o ano 2022, destinando a tal efecto unha cantidade de 70.000€ na aplicación nº 2310.489.00.00 “*Subvencións a asociacións, entidades, etc.*”.

I.3. O contido material destas Bases é moi semellante ó do exercicio de 2021, introducíndose tan só o seguinte cambio substancial:

- Base Novena: modifícase o Apdo. 4 desta Base para incluír dentro dos “*proxectos singulares de especial interese*”, xunto cos de acompañamento e asistencia ás persoas maiores que vivan soas e os dirixidos a lograr un aloxamento ou solución habitacional con carácter estable a persoas sen fogar ou en risco de exclusión social severa ou afectadas por procesos de desafuzamento xudicial da súa vivenda habitual (que xa figuraban nas Bases de 2021), aqueles proxectos que teñan por finalidades a formación en habilidades dixitais de persoas en situación de vulnerabilidade dixital e actividades de reforzo escolar para menores. A puntuación máxima fixada para esta clase de proxectos singulares é de quince (15) puntos.

I.4. O marco xurídico no que se desenvolve este programa de axudas é o configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023 e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

I.5. A concesión destas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e entidades de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais, abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais, na que se prevé a colaboración municipal no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local (Art. 60.1.c) da L.13/2008), como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que “*non se entenderá como exercicio de novas*



## Concello de Vigo

*competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

### II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede, a orde de inicio do expediente da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social e o documento de Bases elaborado, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2022», elaboradas polo Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Autorizar a tal fin o gasto de 70.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 (“*Subvencions a asociacións, entidades, etc.*”) do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítanse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“*datos estruturados*”).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2022».

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

#### I

De acordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

É precisamente dentro deste marco normativo e temporal no que se insire esta iniciativa específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais.

## II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia atribúelle ás Corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

## III

Precisamente coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadjuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política de Benestar Social, leva a cabo unha convocatoria anual de subvencións para entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro que actúen neste ámbito, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que



## Concello de Vigo

se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o Plan Estratégico de Subvencións 2021 – 2023 e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

A concesión destas subvencións efectuarase conforme cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, consonte coas seguintes,

### **BASES**

#### **BASE 1ª.- Obxecto**

É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais en Vigo no ano 2022, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e cumprindo os requisitos que nestas Bases se indican.

#### **BASE 2ª.- Proxectos subvencionables**

Serán subvencionables aqueles proxectos, programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:

##### A) Familia e Infancia:

- Proxectos ou actividades que fomenten as habilidades familiares a través de actividades de formación na igualdade e corresponsabilidade dos seus membros, cara á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.
- Proxectos ou actividades que favorezan a participación das familias cara á súa integración social.
- Programas de apoio psicosocial para situacións de dependencia (autocoidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflitos, etc.) cara á mellora da calidade da vida familiar.

##### B) Persoas maiores e persoas con discapacidade:

- Programas de información e/ou formación dirixidos a estes colectivos, familiares e coidadores.
- Programas ou actividades dirixidas a persoas maiores e/ou con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.
- Programas de acompañamento ás persoas maiores que vivan soas.
- Obradoiros alternativos non coincidentes cos desenvolvidos pola Área de Política de Benestar Social.

##### C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:

- Proxectos socioeducativos e de promoción social dirixidos a estes colectivos socialmente vulnerables.

D) Persoas marxizadas sen fogar:

-Proxectos de prevención, tanto individual como familiar ou comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social ou desprotección.

E) Persoas con adiccións, con ou sen substancia (alcohol e outras drogas, adicción ó xogo, ás apostas en internet, etc.):

-Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo, de promoción da autoestima e educación en valores.

### **BASE 3ª.- Inadmisión e desestimación de solicitudes**

Serán inadmitidas todas aquelas solicitudes de subvención que non cumpran cos requisitos xerais e específicos establecidos nestas Bases, referidos a entidades ou asociacións solicitantes (por non estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións) e á natureza dos programas, referido a proxectos e actividades propostas (por non cumprir as condicións da Base segunda).

Unha vez estudiados os proxectos presentados e admitidos, desestimaranse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes:

1. Solicitudes correspondentes a proxectos para os que xa se solicitase axuda a outras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
2. Solicitudes que, aínda que só se presentasen na Área de Política de Benestar Social, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras Áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos servizos sociais.
3. Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse na Concellería de Política de Benestar Social a través dalgún contrato ou convenio de colaboración.
4. Cando o programa, proxecto ou actividade en cuestión non reúna as condicións mínimas de interese xeral, teñan unha escasa relevancia ou repercusión e/ou non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica.
5. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos ou externos de carácter exclusivamente propagandístico.
6. As que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
7. Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos, agás as dirixidas ó colectivo de persoas con discapacidade e que non sexan coincidentes coas desenvolvidas polo Concello.
8. As que inclúan actividades xa levadas a cabo por Administracións públicas, entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas.
9. As que inclúan actividades de carácter docente previstas nos programas de ensino, as dirixidas ó estudo, análise ou investigación académica ou estatística e aquelas que inclúan actividades de natureza sanitario-asistencial.



## Concello de Vigo

### **BASE 4ª.- Crédito orzamentario.**

A concesión das subvencións axustarase á aplicación orzamentaria da Concellería de Política de Benestar Social nº 2310.489.00.00 - “Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social”.

Poderá subvencionarse o 100% do orzamento presentado.

### **BASE 5ª.- Compatibilidade**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

### **BASE 6ª.- Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes**

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Non estar incursoas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por “*delegación permanente*” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e co-xestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.
- e) No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha

das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.

- f) Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.
- g) Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.
- h) Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
- i) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os/as beneficiarios/as das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- j) Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

## **BASE 7ª.- Prazo, forma de presentación de solicitudes e documentación**

### 7.1. Forma e prazo de presentación:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPA-CAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas mediante os modelos oficiais aprobados con estas Bases, que estarán dispoñibles na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

De se achegar presencialmente a solicitude ou a documentación complementaria, requirirase a súa subsanación mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e a teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da L.38/2003 (LXS), establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións. A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de





## Concello de Vigo

anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

### 7.2. Modelo de presentación de solicitudes:

As solicitudes de subvención presentaranse segundo o modelo oficial que figura no Anexo I destas Bases.

### 7.3. Documentación:

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).
- b) Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:
  - Representación da persoa responsable legal da entidade.
  - Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.
  - NIF da entidade.
- c) Declaración responsable de estar ó corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia, en base ó réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, segundo establece o artigo 24.4 do RD.887/2006. Anexo II.
- d) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da LSG. Anexo II.
- e) De ser o caso, declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- f) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais e o documento de designación do representante ou apoderado único, onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada asociación para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.
- g) Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades por realizar
- Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

No suposto de que a entidade presentase esta documentación, ou parte da mesma, a outra convocatoria de axudas do Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con que achegue unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que consta, debendo anexar unicamente a documentación que falte ou non estea actualizada.

## **BASE 8ª.- Gastos do proxecto**

### 8.1. Gastos subvencionables:

Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do programa, proxecto ou actividade subvencionada. Entenderanse como "*custos directos*" aqueles que resulten imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención, e que financian a consecución dos seus obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda teranse en conta:

- a) Materiais consumibles: considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano, tales como material de escritorio, material informático, material de formación, reprografía e imprenta.
- b) Persoal: os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais do persoal afecto ó proxecto a cargo da entidade. Para o caso de que se imputen gastos de coordinación, esta actividade deberá ser realizada por persoa física distinta da responsable do proxecto. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.
- c) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análise de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes..., previstos para a realización do proxecto.

Considéranse "*custos indirectos*" os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resultan da formulación e execución do proxecto. Non poderán superar o 5% do orzamento total do proxecto. Estes gastos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ó período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo acreditarse a porcentaxe aplicada mediante declaración responsable.

### 8.2. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:



## Concello de Vigo

- Os bens e equipamentos inventariables
- Os xuros debedores das contas bancarias
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, frores, entradas a espectáculos, etc.).

### **BASE 9ª.- Criterios de valoración**

A concesión destas subvencións terá lugar en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Política de Benestar Social para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolles as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, esta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

A.- Criterios relacionados coa entidade: ata 10 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Segundo a experiencia no sector determinada pola maior implantación na cidade, ata un máximo de 4 puntos graduados do seguinte xeito:

- Entidades con 10 ou máis anos de antigüidade: sempre, 4 puntos.
- Entidades cunha antigüidade de máis de 5 anos e menos de 10: sempre, 2 puntos.
- Entidades cunha antigüidade igual ou menor de 5 anos: 1 punto.

2. Valorarase cun máximo de 6 puntos a achega financeira da entidade ó proxecto, aplicando a seguinte regra:

- A entidade non achega recursos propios ó proxecto: 0 puntos.
- A entidade achega recursos propios ata o 20% do importe do proxecto: 1 punto.
- A entidade achega recursos propios de entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.
- A entidade achega recursos propios de entre o 41% e o 60% do importe do proxecto: 4 puntos.
- A entidade achega recursos propios de entre o 61% e o 80% do importe do proxecto: 5 puntos.
- A entidade achega recursos propios de mais 81% do importe do proxecto: 6 puntos.

B.- Criterios relacionados co contido do proxecto: ata 40 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada, máximo: 15 puntos, graduados do seguinte xeito:

- Proxectos nos que se defina correctamente o ámbito de actuación, a finalidade, obxectivos, destinatarios ós que se dirixe, resultados agardados, recursos necesarios, plan de viabilidade, comunicación e publicidade, fases de proxecto, etc.: de 11 a 15 puntos.
- Proxectos nos que os obxectivos están definidos de xeito máis xeral, analizando unha determinada problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar beneficiarios/as, pero que conteñen os aspectos máis importantes do mesmo, dos cales se deduza a súa plena execución: de 7 a 10 puntos.
- Proxectos nos que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuaciónes que se pretenden levar a cabo: de 1 a 6 puntos.

2. Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal, máximo: 5 puntos, graduados do seguinte xeito:

- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a actividade se realice cos/coas beneficiarios/as durante todo o ano, cun mínimo de 8 horas/mes e durante un mínimo de 10 meses: 5 puntos.
- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e teñan unha programación da actividade cos/as beneficiarios/as para un trimestre ou máis, cun mínimo de 8 horas/mes durante un trimestre: 2 puntos.
- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a programación sexa inferior a un trimestre: 1 punto.

3. Coherencia das aplicacións orzamentarias cos obxectivos de proxecto: máximo 5 puntos.

- Proxectos que presenten unha estudada viabilidade, un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos por fontes de financiamento e considerando os custos indirectos que ocasiona a execución en todas as fases: 5 puntos.
- Proxectos que presenten un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos e considerando custos indirectos que ocasiona a execución: 3 puntos.
- Proxectos que presenten un presuposto de custo da actividade no que se indique só o gasto global para súa execución: 1 punto.

4. Proxectos singulares de especial interese social: outorgarase ata un máximo de 15 puntos ós proxectos presentados polas entidades sociais que incidan directamente nestes catro ámbitos:

- 1) Acompañamento e asistencia ás persoas maiores que vivan soas.
- 2) Acceso á vivenda: proxectos dirixidos a lograr un aloxamento ou solución habitacional con carácter estable a persoas sen fogar ou en risco de exclusión social severa ou afectadas por procesos de desafiuzamento xudicial da súa vivenda habitual.
- 3) Formación en habilidades dixitais para persoas en situación de vulnerabilidade dixital.
- 4) Actividades de reforzo escolar para menores.



## Concello de Vigo

Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 4 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 15 puntos na suma de todos os criterios.

### **BASE 10ª.- Instrucción do procedemento**

A instrucción do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 68 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

### **BASE 11ª.- Tramitación e resolución das solicitudes**

11.1. Os/as responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir conforme con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os/a beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

11.2. Rematada a instrucción do procedemento, remitiráselle á Comisión técnica de avaliación.

11.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todas as entidades solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- *Concedidas*: reseñarse a axuda de cada beneficiaria, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- *Denegadas*: farase constar sempre a causa da denegación.

11.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión técnica de avaliación, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do orzamento de Benestar social do Concello.

11.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

11.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **BASE 12ª.- Comisión de Avaliación**

A Comisión técnica de avaliación destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política de Benestar Social e integrada polo Xefe de Área e a Xefa de Servizo de Benestar Social e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.

### **BASE 13ª.- Recursos**

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **BASE 14ª.- Obrigas das persoas beneficiarias**

A concesión das subvencións ás entidades beneficiarias implica a asunción de todas as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións públicas a entidades sen ánimo de lucro. En concreto, obríganse especificamente a:

- Realizar o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- Empregar a lingua galega na realización das actividades.
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos e na forma prevista nestas Bases (documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos), así como á realización da actividade e ó cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información, quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado nestas Bases.
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento municipal do proxecto ou programa en todas as actividades e comunicacións que realicen (previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social), facendo constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo e comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Cumprir coas demais obrigas consignadas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG.

### **BASE 15ª.- Prazo e forma de xustificación**

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas deberá presentarse, como máximo, ata o 31 de outubro de 2022. Con todo, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, este prazo poderá ser



## Concello de Vigo

ampliado excepcionalmente e de forma motivada, sempre de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, as Bases de execución do orzamento e as normas xerais de peche do exercicio que se acorden.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da LXS e 28 da LSG, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá Memoria de actuación e Memoria económica xustificativas.

A documentación xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e constará de:

1) Xustificación técnica: indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, así como a análise da súa sustentabilidade futura e incluirá:

- Certificación da persoa que desempeña a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- Memoria de execución dos obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable do proxecto.

2) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarase mediante a forma de conta xustificativa. Presentarase utilizando o Anexo III, que inclúe:

- Unha relación clasificada de todos os gastos vinculados á subvención.
- Facturas e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, incorporados na relación anterior e polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD.1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento regulador da obrigas de facturación. Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite, mediante declaración responsable, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.
- Xustificantes de pagamento correspondentes ás facturas e demais documentos de carácter probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil (resgardos bancarios ou copias dos extractos bancarios onde figure o cargo na conta). No caso de pagamentos en efectivo, o correspondente "recibín", asinado e selado polo proveedor, no que se especificará a factura e a súa data.
- Xustificantes de gastos correspondentes a custos de persoal:
  - Nóminas asinadas polo/a traballador/a e comprobantes de pagamento da retribución.

- Documentos correspondentes ó ingreso de cotas á Seguridade Social dos/as traballadores dos/as que se achegan as nóminas: RLC e xustificantes de pagamento e RNT (antes: *TC1* e *TC2*).
  - Modelo 111 e xustificantes de pagamento correspondentes a ditas nóminas para a acreditación do ingreso na Facenda Pública das cantidades retidas.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.
  - Declaración responsable sobre os seguintes extremos:
    - Que os gastos son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.
    - Que a entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.
    - Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
    - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
    - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia e Tesourería da Seguridade Social.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ó cobro parcial e redución da subvención en caso de que non se execute algunha das actividades previstas no proxecto ou de que se incumpra algunha das obrigas do beneficiario. Así mesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores ós subvencionados ou se obtivesen ingresos superiores ós previstos.

### **BASE 16<sup>a</sup>.- Seguimento**

O persoal técnico do Departamento de Benestar social será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da sub-





## Concello de Vigo

vencción e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.

### **BASE 17ª.- Tratamento de datos de carácter persoal**

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

### **BASE 18ª.- Norma final**

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, o Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## ANEXO I

<b>SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANO: 2022</b>
--	------------------

### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME COMPLETO DA ENTIDADE				NIF	
<input type="text"/>				<input type="text"/>	
ENDEREZO				LOCALIDADE	
<input type="text"/>				<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRONICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATA DE CONSTITUCIÓN	DATA E/OU NÚM. INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				

### RESPONSABLE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>

### DATOS DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO		
<input type="text"/>		
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	% COFINANCIAMENTO POLA ENTIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

### FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)

	ENTIDADE	IMPORTE
1. CUSTO TOTAL		
2. SUBVENCIÓN SOLICITADA		
3. OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)		
4. ACHEGA PROPIA		
5. ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFÍQUESE O ORGANISMO)		
6. OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (IDENTIFÍQUESE O ORGANISMO)		

### DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO

NOME E APELIDOS
<input type="text"/>



## Concello de Vigo

ENDEREZO TELEFONO ENDEREZO ELECTRÓNICO

--	--	--

### DOCUMENTACIÓN

1. Orixinal documento de formulación do proxecto:

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades a realizar
- Número aproximado de persoas que se benefician e para as que se destina o proxecto
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

2. Documentación administrativa:

a) Certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa a:

- Representación da persoa responsable legal da entidade. A falta de certificación do/a secretario/a, presentarase poder bastante sobre a representación para o seu responsable.
- Acordo adoptado pola entidade para solicitar a subvención.
- Disponibilidade de sede central ou delegación permanente en Vigo.
- Composición do órgano de goberno da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).
- NIF da entidade.
- N° de socios/as da asociación.

b) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se faga constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que figura como Anexo II.

c) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se faga constar que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais e coa Seguridade Social, segundo o modelo que figura como Anexo II.

d) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas a entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade segundo o modelo que figura como Anexo II.

e) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais, así como o documento da designación do representante común.

### SINATURA DO/A SOLICITANTE

#### Lugar e data

	o	de	de
--	---	----	----

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

## ANEXO II

<b>SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANO: 2022</b>
---	------------------

### 1. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DA CONTA DO/DA SOLICITANTE DA AXUDA

NOME DA ENTIDADE BANCARIA

Nº DE CONTA BANCARIA

### 2. DECLARACIÓNS

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados na solicitude e acepto someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiaria segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento atópase ó día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais e coa Seguridade Social e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a esta entidade SI / NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade:

Relación de axudas solicitadas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)	Importe

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

	o	de	de
--	---	----	----

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como oponerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)







## Concello de Vigo

<b>SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANEXO III (segue)</b>

e) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

f) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención e que o custo total de dita actividade foi de \_\_\_\_\_ €

g) Que se acompañan as facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente esixidos na Base 15ª. Terase en conta como importe xustificativo a base imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

Esta entidade SI/ NON está obrigada a presentar declaración por IVE.

h) Que os gastos que constitúen rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención foron practicados, declarados, liquidados e ingresados na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

i) Que a asociación está actualmente ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo

---

SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE

Lugar e data

	o	de	de
--	---	----	----

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

# GUIÓN A SEGUIR PARA A MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

## A. SOBRE A ENTIDADE

---

### 1. Datos da entidade solicitante

Nome da entidade, NIF, natureza xurídica (asociación, cooperativa, fundación, federación...), número de Rexistro de Entidades, horario habitual de atención, persoa responsable do proxecto.

### 2. Ámbito prioritario de intervención da entidade.

Temático, poboacional ou por destinatarios/as (acción social, familias, nenos/as, xente maior, persoas recén chegadas, poboación con necesidades específicas, poboación en xeral...).

### 3. Principais proxectos e/ou servizos desenvolvidos.

### 4. Recursos técnicos e materiais.

Recursos humanos (profesionais asalariados-as/colaboradores-as/voluntarios-as...); equipamentos ou espazos propios e outros.

## B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO

---

### 5. Identificación.

Denominación, modalidade ou ámbito temático prioritario que aborda, lugar de realización da actividade ou servizo, persoas destinatarias, outras entidades colaboradoras, data de inicio e data de finalización.

### 6. Breve descrición.

Resumo do proxecto, antigüidade do proxecto, orixe da idea, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade de desenvolvemento, etc.

### 7. Finalidade o proxecto.

Situación sobre a que se require intervir, o reto do proxecto.

### 8. Obxectivos.

Obxectivo xeral (acción xenérica que dá sentido ó proxecto), obxectivos específicos (accións concretas e ben definidas que se queren acadar).

### 9. Resultados esperados.

O impacto concreto que terá a acción unha vez levada a cabo. Sistemas de seguimento e avaliación previstos.

### 10. Recursos mínimos necesarios para desenvolver o proxecto.

Humanos (número de persoas que colaborarán no proxecto) infraestruturas (locais, instalacións, equipos técnicos), materiais (o que se terá que alugar ou comprar, funxible ou non) e económicos (capital mínimo para poder executar o proxecto).

### 11. Plan de viabilidade económica do proxecto.

Gastos previstos, por tipoloxías (en recursos humanos, material, transporte, infraestruturas, viaxes e desprazamentos, aloxamento, dietas, seguros, publicidade e outros). Total de gastos previstos.

Ingresos previstos (os aportados pola entidade, esta subvención, outras subvencións previstas, outros). Total de ingresos previstos.

### 12. Plan de comunicación e publicidade.

Produtos previstos (carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de man, bandoleiras, web, outros medios de difusión...). Campañas ou accións concretas de difusión.

### 13. Fases do proxecto (actividades relevantes e calendario básico).

Fases (denominación e breve descrición de cada unha), actividades relevantes de cada fase (breve descrición do que vai pasar), calendario básico (datos do inicio e de finalización de cada actividade descrita).





**Concello de Vigo**

**SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.**

**ANO: 2022**

**MODELO DE RENUNCIA**

NOME COMPLETO DA ENTIDADE

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA

TELEFONO

FAX

CORREO ELECTRONICO

RESPONSABLE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS

DNI

En relación á resolución pola que se nos concedeu unha subvención por importe de \_\_\_\_\_ euros para levar a cabo a actividade denominada \_\_\_\_\_, esta entidade decidiu **RENUNCIAR** á mesma polos seguintes motivos:

**SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE**

Lugar e data

	o	de	de
--	---	----	----

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexítimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

S.ord. 25/03/2022.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2022. CONCELLO DE VIGO – CONCELE- RÍA DELEGADA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL.

**Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2022», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº ..... do .....

**Crédito presupuestario.**

A concesión das subvencions axustarase á dotación anual da aplicación orzamentaria da Concellería de Política de Benestar Social nº 2310.489.00.00 - “*Subvencions a asociacions, entidades etc. de carácter social*” (70.000€).

**Obxecto, finalidade e destinatarios.**

As Bases aprobadas teñen por obxecto fixar os criterios para a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

**Requisitos.**

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.
- d) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo.
- e) No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas



## Concello de Vigo

como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.

- f) Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación á que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.
- g) Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.
- h) Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
- i) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- j) Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### **Instrucción e resolución: órganos competentes.**

O Servizo de Benestar Social será o encargado da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión técnica de valoración e a Xunta de Goberno Local, por proposta do instructor do procedemento e previo informe da Comisión, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria indicada.

### **Presentación de solicitudes e prazo.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación será dun mes (1), contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

### **Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

### **Solicitud e documentación.**

As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I.

### **Recursos.**

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **Criterios de valoración e distribución das subvencions.**

A cantidade prevista (70.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida, para o que levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicando as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, ésta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os criterios determinados nas mesmas (Base novena).

### **Publicidade.**

Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificarase a todas as entidades solicitantes a resolución estimatoria ou desestimatoria.

Publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello a información relativa as entidades beneficiarias, as axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencions.

## **3(192).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO BP01 (216/551) DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 8340/106.**

Visto o informe xurídico do 16/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/03/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN**

\* Art. 25.2,i Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

\* Artigo 18 do Regulamento de servizos das corporacións locais do 17 de xuño de 1955



## Concello de Vigo

\* Regulamento municipal dos mercados municipais -Pleno 14/03/1994.

\* Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP)

### INFORME PROPOSTA:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 29 de xuño de 2021, acordou outorgar a Dna. Julia Quinteiro Quintas, con NIF \*\*\*7466>>, a concesión de dominio sobor do posto de pescadería denominado BP01 (con anterioridade á reforma B26) do Mercado do Progreso, ata a data de remate da cesión de dominio o 30 de setembro de 2049 , suxeita, entre outras, as seguintes condicións:

*i) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre o posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*

- 1. Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
- 2. O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ao Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- 3. No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisíbel aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade ningunha.*
- 4. As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

2.- Por escrito de data de entrada do Rexistro Xeral do Concello de Vigo de 20 de setembro de 2021, Dna. Julia Quinteiro Quintas, solicita que por motivos da súa xubilación, a transmisión da concesión a favor da súa filla Dna. Olaya Suarez Quinteiro, NIF \*\*\*7064>>, con efectos a contar dende o 14/11/2021.

3.- Por escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 03/12/2021, Dna. Olaya Suarez Quinteiro, DNI.- \*\*\*7064>>, presenta declaración responsable conforme:

- Coñece e se compromete a cumprir as condicións da execución da concesión de dominio sobor do posto BP01 (con anterioridade á reforma B26) do mercado do Progreso outorgado a súa nai Dna. Julia Quinteiro Quintas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/06/2021 polo prazo restante de 27,88 anos.

- Reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar (art. 65 e 84 LCSP)

- Non incurrir en ningunha das prohibicións para contratar (ar. 71 LCSP)

- Atópase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Vigo

- Atópase ao corrente de pago de salarios e cotización á Seguridade Social dos traballadores do seu cadro de persoal.

- Non pertence a ningún grupo de empresas

- Cumpre cos requisitos sanitarios e de manipulador de alimentos que exercer a actividade.

- Acepto o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do expediente: [olayasq@gmail.com](mailto:olayasq@gmail.com)

4.- Achega á presente declaración responsable, copia do libro de familia acreditativa da situación e relación familiar.

5.-Acgega resolución do INSS do 14/11/2021 da prestación da pensión de xubilación de Dna. Julia Quinteiro Quintas.

6.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral 20/09/21 (doc 210190630) da Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, xestora indirecta do mesmo, se informa que Dna. Julia Quinteiro Quintas non ten débedas pendentes con esta.

7.- Certificado a nome de Julia Quinteiro Quintas expedido pola Tesourería do Concello de Vigo, de data 30/11/2021 de estar ao corrente e non ter débedas co Concello de Vigo

8.- Certificado a nome de Olaya Suarez Quinteiro expedido pola Tesourería do Concello de Vigo, de data 05/11/2021 de estar ao corrente e non ter débedas co Concello de Vigo

Polo anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Autorizar a transmisión da concesión de dominio do posto BP01 (con anterioridade á reforma B26) (expte 216/551) do Mercado do Progreso outorgada a Dna. Julia Quinteiro Quintas, NIF \*\*\*7466>>, a favor da súa filla Dna. Olaya Suarez Quinteiro, NIF \*\*\*7064>>, nas mesmas condicións do outorgamento inicial e polo prazo restante de 27,88 anos (334,52 meses) a contar dende o día 14/11/2021.*

*2.- Notificar o presente acordo ao cedente e cesionario, así como á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(193).- RECLAMACIÓN ECONÓMICA DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 7918/106.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



## Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLRSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de Novembro (ROF).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 7 de febreiro de 2014 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible (expediente 5470-551).

**Segundo.-** En data 19 de xuño de 2015 a Xunta de Goberno local adxudicou á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso o contrato de xestión de servizo público mediante a modalidade de concerto do Mercado do Progreso. O contrato formalizouse o 30 de xuño, comezando a súa execución o 1 de xuño do mesmo ano.

**Terceiro.-** En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º). En resolución da mesma data amplíase o acordo.

**Cuarto.-** No Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

**Quinto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Sexto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. Esta norma foi modificada polo Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

**Sétimo.-** En data 8 de setembro de 2020, D. Jesús Abalde Guiadanes, en nome e representación da Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, solicita o reequilibrio económico ou subsidiariamente, a modificación do contrato e xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible.

**Oitavo.-** En data 30 de marzo de 2021, o Servizo de Comercio requiriu ao solicitante a mellora da súa solicitude achegando diversa documentación. Esta foi presentada no Rexistro Xeral deste Concello o día 15 de abril.

**Noveno.-** En data 21 de xuño de 2021 emiten informe sobre a solicitude o Xefe de Servizo de Comercio e a Secretaria de Administración Municipal.

**Décimo.-** En data 22 de febreiro de 2022 a xefa do servizo de Contratación, co conforme da Concelleira delegada, formula proposta sobre a solicitude obxecto deste informe. Esta proposta foi notificada ao concesionario o mesmo día, concedéndolle trámite de audiencia.

**Undécimo.-** En data 4 de marzo de 2022, D. Jesús Abalde Guiadanes, en nome e representación da Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, presenta alegacións durante o prazo do trámite de audiencia conferido ao efecto.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**





**Concello de Vigo**

**-I-**

### **Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato de xestión de servizo público na modalidade de concerto foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo de 19 de xuño de 2015 á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

O concerto é unha das modalidades previstas no TRLCSP do contrato de xestión de servizo público en virtude da cal unha Administración Pública encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración (artigo 277 do TRLCSP).

O obxecto deste contrato é a xestión integral dos espazos públicos existentes no Mercado municipal de abastos da Praza do Progreso (servizo público) comportando a concesión dun uso privativo dos espazos destinados a “supermercado” e “cafetería”, así coma dos postos do mercado que non fosen adxudicados directamente ós usuarios polo Concello de Vigo e de aqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro (espazos da concesión ó adxudicatario do concerto), así como a a explotación do aparcadoiro existente na planta soto do Mercado.

**-II-**

### **Do reequilibrio da concesión**

A regra xeral na execución dos contratos é que estes execútanse segundo o pactado (principio “pacta sunt servanda”) e a risco e ventura do contratista. O primeiro destes principios está recollido no artigo 209 do TRLCSP, e o segundo no artigo 215 do TRLCSP.

Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión “risco”, como continxencia ou proximidade dun dano, e “ventura”, como palabra que expresa que unha cousa expónse á continxencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ó contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na

consideración de que a obrigación do contratista é unha obrigación de resultados, contraposta á configuración da obrigación de actividade ou medial (por todas sentenza do TS de 14 de maio de 2001).

O principio de risco e ventura, con relación a concesión de servizos, está recollido nos artigos 215 e 277 do TRLCSP. Este principio non ten máis excepcións que as que eventualmente estivesen previstas no propio prego ó amparo da liberdade de pactos que establece o artigo 25 da citada lei. Este principio é consecuente coa configuración da obriga do contratista como unha obriga de resultado e as únicas excepcións a súa aplicación previstas na nosa lexislación son: os supostos de forza maior (artigo 282.4 TRLCSP), e a ruptura do equilibrio económico do contrato nos contratos de concesión de obra pública ou xestión de servizos. Non esquezamos que tanto a lexislación contractual, como o regulamento de servizos das corporacións locais, establecen a obriga da administración contratante de manter o equilibrio económico das concesións. Así, establece o artigo 127.2 do RSCL que:

*“2. La Corporación concedente deberá:*

*2.º Mantener el equilibrio financiero de la concesión, para lo cual:*

*b) revisará las tarifas y subvención cuando, aun sin mediar modificaciones en el servicio, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinaren, en cualquier sentido, la ruptura de la economía de la concesión.”*

E esta mesma norma no artigo 128.3.2º reconece entre os dereitos do concesionario *“2.º Obtener compensación económica que mantenga el equilibrio financiero de la concesión en los casos en que concurra cualquiera de las circunstancias que se refieren los números 2.º, 3.º y 4.º del párrafo 2 del artículo anterior”*.

O PCAP que rexe o presente contrato establece na cláusula 15.1, entre as obrigas do concello *“Mante-lo equilibrio económico da concesión na forma prevista no prego”*.

A regra do equilibrio financeiro do contrato de concesión fundaméntase na esixencia dunha remuneración suficiente do concesionario, o que habilita o reaxuste das contraprestacións cando circunstancias sobrevindas e imprevisibles incidan na economía da concesión. Esta obriga deriva da consideración do concesionario de un coadxuvante á consecución do interese público subxacente na concesión, cal é a prestación do servizo público obxecto da mesma. Razón pola que nestes contratos que ademais implican prestacións directas a favor dos cidadáns rexe o principio de continuidade na prestación do servizo. Establece neste senso o artigo 128.1 do RSCL a obriga do concesionario de seguir prestando o servizo incluso no caso de que *“circunstancias sobrevenidas e imprevisibles ocasionaren una subversión en la economía de la concesión”*.

Así mesmo, existe unha consolidada doutrina xurisprudencial e dos órganos consultivos en materia de contratación, que matiza a aplicación do principio de risco e ventura. A describe o Dictame do Consejo Consultivo de Aragón nº 52/2013, de 30 de abril de 2013, *“por vía jurisprudencial se haya introducido la doctrina sobre la equivalencia de las prestaciones fundamentada, de una parte, en el principio de buena fe (art 7 CC, art. 1258 CC) y en la prohibición de que el cumplimiento del contrato quede abandonado al arbitrio de una de las partes contratantes (art. 1256 CC) y, de otra parte, en la “Cláusula Rebus Sic Stantibus” (mientras las circunstancias permanezcan), como un instrumento para intentar paliar las consecuencias derivadas del desequilibrio patrimonial producido por la alteración de las circunstancias contractuales, entendiéndose que todo contrato, fundamentalmente los de larga duración, aun cuando no se diga expresamente, contiene*



## Concello de Vigo

*una cláusula oculta, que en definitiva establece que las obligaciones derivadas de ese contrato son válidas y vinculan a las partes, solo en tanto se mantengan las circunstancias iniciales en que se sustentó el contrato (contractus qui habent tractum succesivum vel depend entiam de futuro rebus sic stantibus intelligitur)".* Nesta liña ten dito o TS, en sentenza de 2 de decembro de 1988, RJ1988/9451, manter o equilibrio económico *"es además una exigencia de lealtad y buena fe que debe inspirar con especial intensidad las relaciones de colaboración entre la administración y el concesionario"*.

No mesmo senso, a STS de 15 de febrero de 2012 (LA LEY 13633/2012) di que *"el principio de riesgo y ventura, a que ha de someterse el contratista ex art. 98 de la LCAP, ha de cohonestarse con la necesidad de mantener el equilibrio financiero de la concesión otorgada. En efecto, todo contrato genera unos derechos y obligaciones por las partes que lo conciertan de forma que esos efectos han de permanecer invariables e inalterables conforme a lo dispuesto en los artículos 1254 y siguientes del Código Civil. Ahora bien, cuando se concierta un contrato de ejecución de obra y el contratista se obliga a la ejecución de los trabajos bajo el principio de riesgo y ventura, esa inalterabilidad de los efectos derivados del contrato, presenta como excepción el supuesto o existencia de fuerza mayor. Y así lo contemplaba el artículo 144 del Real Decreto Legislativo 2/2000 aplicable al supuesto de autos more tēporis y el vigente artículo 214 de la ley 30/2007 reguladora de la Ley de Contratos del Sector Público. En definitiva, la concertación de un contrato bajo el principio de riesgo y ventura supone la asunción de la obligación por parte del contratista de los riesgos y posibilidad de pérdida, salvo ante el supuesto de existencia de fuerza mayor. Ahora bien, el principio de riesgo y ventura tiene también sus límites, derivados del principio de mantenimiento de equilibrio económico-financiero, y esos límites surgen cuando en el supuesto en concreto surge un riesgo anormal o desmesurado no causado por el contratista y que no puede ser indemnizado por los mecanismos propios de compensación previstos en el contrato concertado. Dicho de otra forma, cuando por causa de modificaciones introducidas por la Administración que incrementan el coste de la obra, o cuando se producen situaciones sobrevenidas que rompen la proporcionalidad de la relación ingresos- costes, es cuando, si no existen mecanismos de compensación ya previstos en el contrato, debe procederse a la restitución del equilibrio económico financiero de aquel, para garantizar la Administración la indemnidad del contratista ante esa situación. La regulación del equilibrio económico financiero se contempla en el artículo 248 del RD Legislativo 2/2000 y deberá tenerse en cuenta el interés general y el del concesionario conforme a lo señalado en dicho artículo"*.

De acordo con esta xurisprudencia e doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería en caso de risco imprevisible ou de factum principis. Analizaremos a continuación o concepto e requisitos necesarios para a aplicación destas excepcións.

A **teoría do risco imprevisible** refírese a situacións económicas de excepción, nas que prodúcese un desequilibrio económico de tal magnitude que o cumprimento polo contratista das súas obrigas pode devir excesivamente oneroso. A súa aplicación require a concorrencia de dous requisitos:

- Que se trate de circunstancias que o contratista non puído prever, incluso empregando unha dilixencia maior da esixible.
- Debe existir unha desproporción obxectiva e evidente, extraordinaria e non xustificada.

Atopamos unha definición desta teoría no Ditame do Consejo Consultivo de Aragón nº 24/2013, de 25 de novembro de 2013 *“El restablecimiento del equilibrio de las prestaciones se configura, por tanto, como la técnica que permite devolver a las partes a la situación inicial, cuando, durante la ejecución del contrato, falla el reparto de riesgos pactado. No hay, en todo caso, una modificación de las condiciones de explotación, sino un ajuste de las mismas a una realidad fáctica o jurídica no prevista, que inaplica la regla del pacta sunt servanda (estar a lo pactado) y que obliga a, sin alterar la idea del riesgo, limitar éste cuando es claramente desproporcionado”*.

Esta técnica ten carácter excepcional, tal e como establece a Sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Cantabria de 29 de abril de 1997 *“es una fórmula excepcional que debe combinarse con el principio de riesgo y ventura al objeto de impedir que esa excepcionalidad se convierta en una garantía ordinaria de los intereses del concesionario a modo de seguro gratuito que cubra todos los riesgos de la empresa trasladándolos integros a la res pública en contra de lo que constituye la esencia misma de la institución y sus límites naturales”*.

A **doutrina do “factum principis”**, segundo o Ditamen 31/1992, de 13 de febreiro, do Consejo de Estado *“alude a intervenciones administrativas de tipo general no exclusivamente referidas a un contrato, pero que implican un cambio en las condiciones externas de la ejecución del contrato, y son una fuente de responsabilidad extracontractual liquidable en el seno del contrato”*. Atopamos unha definición do mesmo no Dictame número 3.725, de 12 de novembro de 1948, repetida en numerosos ditames posteriores ata a actualidade, segundo o cal *“existe «factum principis» cuando la Administración está vinculada con un particular y lesiona la materia económica sinalagmáticamente acordada a través de un acto propio, nacido del poder general del «imperium»* (Ditame do Consejo de Estado, expediente 31/1992). O Tribunal Supremo considera (STS de 25 de abril e de 20 de decembro de 1986), necesario para que se de o nacemento do dereito indemnizatorio nestes casos, que ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista para dar lugar a súa compensación. Se ben o criterio máis recente da Xurisprudencia avoga por considerar que as intervencións administrativas que desequilibran o contrato distintas do exercicio do ius variandi deben proceder da propia administración contratante. Nesta liña, establece a STS 3125/2011 ditada no recurso 566/2008 *“una cosa es que la Administración concedente deba responder por lo que ya existe y es conocido en el momento de convocar el concurso, pues forma parte de la realidad en la que va a insertarse la concesión, y otra, bien distinta, que deba responder por decisiones posteriores de otros sujetos”*.

Do exposto, despréndese que o “factum principis” debe reunir os seguintes requisitos:

- Ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista.
- Debe ser imputable á propia Administración contratante.
- Trátase dun suposto claramente excepcional.

No caso que nos ocupa, o concesionario solicita o reequilibrio do contrato, ou subsidiariamente, a súa modificación por mor da suposta redución de clientes por dúas causas:



## Concello de Vigo

- As obras de humanización das rúas que dan acceso ao mercado (Gran Vía, Ronda de Don Bosco, rúa Lóriga, Porta do Sol) dende o mes de decembro de 2019, que dificultaron e en ocasións impedido o acceso ao mercado mediante vehículo.
- A crise sanitaria xerada polo COVID-19, que determinou un incremento dos seus gastos de explotación ao ter que implementar protocolos de seguridade e unha minoración de clientes.

Analizaremos por separado cada unha delas.

### **a) Reequilibrio da concesión por mor das obras nas rúas adxacentes ao mercado**

Alega o concesionario que a realización de obras por esta Administración nas rúas adxacentes ao mercado dificultou o acceso de clientes ao mercado e supuxo unha merma dos seus ingresos, polo que considera que crebou a economía da concesión e solicita o reequilibrio do contrato.

A realización de obras no contorno do Mercado consta acreditado no informe do Servizo de Seguridade de data 22 de abril de 2021:

#### *“1.- HUMANIZACIÓN DE RONDA DE DON BOSCO*

*As circunstancias variantes dos cortes de tráfico rodado durante a súa execución condicionaron o acceso ao Mercado de Progreso con desvíos recomendados por Venezuela-Simón Bolívar-Ecuador e Xoaquín Loriga ou Taboada Leal, segundo a distinta fase da obra e condicionantes da mesma.*

#### *2.- OBRAS NO COLECTOR DE XOAQUÍN LORIGA CON RONDA DE DON BOSCO*

*A execución destas obras condicionou O acceso a Ronda de Don Bosco en momentos pola rúa Taboada Leal e nalgún intre autorizouse o paso pola rúa Manuel Nuñez cara a rúa María Berdiales*

#### *3.- OBRAS NA AV GRAN VÍA*

*A execución destas obras condicionou o acceso á rúa María Berdiales dende Gran Vía tendo garantido o acceso dende as rúas Urzaiz-Hernán Cortés e dende a rúa Brasil*

#### *4.- OBRAS EN MARÍA AUXILIADORA*

*A execución destas obras condiciona a saída do entorno do Mercado de Progreso non o acceso.*

#### *5. OBRAS NA PORTA DO SOL*

*As obras na Porta do Sol non condicionan en exceso o acceso ao Mercado de Progreso dado que o acceso normal dende a Porta do Sol, Policarpo Sanz ou García Barbón é por Hernán Cortes e María Berdiales.”*

O presente caso encaixaría, a priori, no suposto de factum principis. Para poder acordar o reequilibrio contrato, consonte a normativa contractual e a doutrina xurisprudencial citadas é preciso o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. O principio de mantemento do equilibrio económico non debe desprazar totalmente o principio de risco e ventura que asume o concesionario. Ilo implica,

por un lado, que non se pode indemnizar a perda de beneficios, e por outro, que hai que realizar un reparto proporcional das perdas entre a administración e o concesionario.

2. Para calcular o reequilibrio do contrato deberá terse en conta todo o período concesional. Porque a redución de beneficios ou perdas durante un período de tempo, pode verse compensada polo maiores ingresos noutros (STS de 8 de abril de 2013).
3. Ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista.
4. Debe ser imputable á propia Administración contratante.
5. Trátase dun suposto claramente excepcional.

Á vista destes postulados, é preciso concluír que no caso que nos ocupa non procede reequilibrar o contrato polas seguintes razóns, que se expoñen ao fío dos citados requisitos:

1. En primeiro lugar porque o que reclama o concesionario e a perda de beneficios, e recordemos que a Administración non é un asegurador universal que garanta uns determinados beneficios aos seus concesionarios. Antes ben, en caso de reequilibrio non se pode indemnizar a perda de beneficios, senón que o que procede é un reparto proporcional de perdas entre a Administración e o concesionario.
2. A perda de ingresos, a xuízo da informante, non supón a ruptura do equilibrio económico da concesión, por canto, tal e como se deduce da doutrina citada, a ruptura do equilibrio non se refire a un momento puntual, senón que hai que medila en relación a todo o período concesional, e dende o inicio da concesión o concesionario obtivo beneficios. E non constan acreditadas no expediente perdas pola realización das obras. O principio de mantemento do equilibrio económico non debe desprazar totalmente o principio de risco e ventura que asume o concesionario. Ilo implica, por un lado, que non se pode indemnizar a perda de beneficios, e por outro, que hai que realizar un reparto proporcional das perdas entre a administración e o concesionario. O único documento que achega o contratista para acreditar este extremo é a relación dos ingresos do aparcadoiro, que non o acreditan por tanto reflicten beneficios.

Segundo o informe do Servizo de Comercio o concesionario ten un balance positivo contable de comprobación de sumas e saldos da conta do aparcamento, xunto co resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio 2020 -despois do imposto de sociedades.

Recordemos neste punto que tal e como informa a secretaria de Administración Municipal:

*“O estudo económico financeiro achegado pola Asociación na súa oferta económica prevé como ingreso mensual en concepto de aparcadoiro 1000 euros mais IVE (210) do que resulta unha previsión anual de 14.520 euros (iVe incluído).*



## Concello de Vigo

*Así mesmo a concesionaria achega rexistro contable dos ingresos de arrendamento do aparcadoiros do que resulta*

*Ano 2016: 29.049,09 euros*

*Ano 2017: 73.403,24 euros*

*Ano 2018: 102.822,32 euros*

*Ano 2019: 91.288,87 euros*

*Ano 2020: 71.013,47 euros*

*Do expostos conclúese que non houbo impedimento de acceso ao mercado mediante vehículo por parte dos usuarios durante a execución das obras relacionadas e os ingresos obtidos pola concesionario pola explotación do aparcadorio no 2020, se ben inferiores ao 2018 e 2019, son notablemente superiores aos previstos no estudo económico financeiro achegado xunto coa proposición económica”.*

3. No presente caso non se trata de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista. A xurisprudencia é unánime ao considerar as obras unha carga social. E salvo que das mesmas se derive un dano especial ao contratista e individualizado, non procede indemnizalo. Do mesmo xeito que as obras durante a súa realización lle xeran inconvenientes, a mellora do contorno onde se sitúa o mercado lle pode xerar máis beneficios no futuro.
4. A realización de obras non supón unha circunstancia excepcional da que deba derivarse o dereito de indemnización a un contratista por unha suposta perda de beneficios.

Á vista do exposto, procede propor ao órgano de contratación a desestimación da solicitude de reequilibrio da concesión por mor da realización de obras no contorno do mercado.

### **b) Reequilibrio da concesión por mor da situación xerada pola crise sanitaria do COVID**

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 (COVID-19) como pandemia o 11 de marzo do 2020. O estado español, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarou o estado de alarma por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Durante o estado de alarma foron promulgadas diversas normas para facer fronte á situación de crise sanitaria, económica e social xerada pola pandemia. As relativas ó transporte inciden fundamentalmente en dous aspectos: a limitación de pasaxeiros e a imposición de medidas de desinfección nos medios de transporte.

Entre elas, o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Esta norma recolle no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública. Este, no seu apartado 4, prevé a posibilidade de acordar o reequilibrio económico do contrato que no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19 afecten á

execución dos contratos de concesión de obras ou servizos, se ben establece como premisa que o órgano de contratación, a instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4). Esta norma, de efectos temporais limitados, atende a unha situación excepcional (a declaración de estado de alarma ante a crise sanitaria derivada do COVID-19), polo que o seu contido ha de considerarse de aplicación preferente mentres dure o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

O contratista solicita o reequilibrio do contrato por mor da situación xerada pola crise sanitaria do COVID, que na súa opinión reduxo o número de clientes do mercado e supuxo un incremento dos custes ao ter que implantar medidas preventivas fronte ao COVID. Considera que concorre unha causa de forza maior.

O informe 394/20 da Avogacía do Estado, sobre os efectos que se derivan do artigo 34 do Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo en relación con determinados contratos, entre os que se atopan a concesión de servizos, considera de aplicación preferente o artigo 34 do RDL 8/2020, fronte á lexislación contractual ordinaria:

*“El Real Decreto-ley 8/2020 “es una norma de rango legal, de efectos temporales limitados, que atiende a una situación excepcional (la declaración de estado de alarma ante la crisis sanitaria derivada del COVID-19)”, por lo que su contenido ha de considerarse de aplicación preferente mientras dure el estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.*

*En consecuencia, los derechos reconocidos en las leyes a las empresas contratistas por el Covid-19 son los previstos en el artículo 34 del RDL 8/2020, que es norma especial y se aplica con preferencia a la legislación ordinaria de contratos públicos. Por tanto, la legislación ordinaria de contratos públicos solo será aplicable para resolver una incidencia contractual relacionada con el Covid-19 cuando no se oponga al RDL 8/2020 y a los principios que lo inspiran”.*

Con relación aos contratos de concesión esixe que para recoñecer ao concesionario o dereito ao reequilibrio económico é preciso que o órgano de contratación declare a imposibilidade de execución do contrato:

*“El artículo 34.4 del RDL 8/2020 reconoce al concesionario el derecho al reequilibrio económico en tanto se haya alterado por “las medidas adoptadas por el Estado, las Comunidades autónomas o la Administración local”. Conforme al mismo artículo 34.4 del RDL 8/2020, ese derecho solo nacerá “cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista, hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato”. Es decir, si el órgano de contratación considera que no es imposible ejecutar el contrato, denegará la solicitud del contratista, que deberá continuar ejecutando el contrato (en las condiciones que le permita el estado de alarma), sin derecho al reequilibrio y sin perjuicio de los recursos que pueda promover contra tal decisión”.*

O contrato que nos ocupa non foi suspendido por canto o RD 463/2020, excepciónou da suspensión da apertura ao público “aos establecementos comerciais minoristas de





## Concello de Vigo

*alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade*". Razón polo que este contrato non foi incluído ni no "Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19" nin nos Decretos de Alcaldía do 12 de marzo de 2020 suspendendo servizos municipais.

Dado que non se declarou a imposibilidade e continuou a execución do contrato, non procede o reequilibrio do contrato.

Con respecto á concorrencia da forza maior, o informe da avogacía citado di que:

*"el artículo 34 del RDL 8/2020 excluye que la situación de hecho por el Covid-19 sea tratada, a los efectos de la contratación pública, como un caso de fuerza mayor; de ahí que no lo califique como tal y que expresamente declare inaplicables los artículos de la legislación de contratos referidos a la fuerza mayor"*.

Para rematar, é preciso por de releve que non consta acreditada no expediente a ruptura do equilibrio de contrato. O único documento que achega o contratista para acreditar este extremo é unha relación de gastos, supostamente relativos ao Covid, por importe de 4050 euros, así como a mención do impago dun local, que non resultan suficientes para acreditar a ruptura da economía do contrato alegada.

Así mesmo, reiteramos que de terse producido a ruptura do equilibrio, nunca procedería indemnizar a perda de beneficios, senón realizar un reparto das perdas. E non consta que haxa perdas neste contrato. En consecuencia, procede solicitar do órgano de contratación a desestimación da solicitude de reequilibrio tamén por esta circunstancia.

Evacuado trámite de audiencia ao concesionario, este formulou alegacións en data 4 de marzo de 2022. Analizaremos a continuación as mesmas.

O concesionario límitase a reproducir a lexislación e as cláusulas do PCAP relativas ao reequilibrio, a argumentación xa exposta no escrito inicial e incluso reproduce as mesmas sentenzas. No entanto nin aporta probas da suposta perda de clientes, nin da diminución do seu beneficio, e como xa se ten dito, no caso que nos ocupa non se aprecia a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para proceder ao reequilibrio económico do contrato. En consecuencia, procede desestimar as alegacións formuladas polo concesionario no citado trámite de audiencia.

**-III-**

### **Do procedemento de reequilibrio**

A nosa lexislación contractual non regula o procedemento de reequilibrio dos contratos, en consecuencia é preciso acudir a lexislación de procedemento, de aplicación supletoria consonte á disposición final cuarta da LCSP "1. *Los procedimientos regulados en esta Ley*

*se regirán, en primer término, por los preceptos contenidos en ella y en sus normas de desarrollo y, subsidiariamente, por los establecidos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en sus normas complementarias”.*

A única especialidade deste procedemento é a prevista no artigo 333.4 da LCSP. Esta norma prevé que a Oficina Nacional de Evaluación informará *“los acuerdos de restablecimiento del equilibrio del contrato, en los casos previstos en los artículos 270.2 y 290.4 respecto de las concesiones de obras y concesiones de servicios que hayan sido informadas previamente de conformidad con las letras a) y b) anteriores o que, sin haber sido informadas, supongan la incorporación en el contrato de alguno de los elementos previstos en estas”*. Neste caso como se propón do órgano de contratación a desestimación da solicitude non procede solicitar este informe.

Con carácter previo ao envío da proposta á XGL, é preciso:

- Evacuar trámite de audiencia ao contratista, consonte ao previsto no artigo 82 da LPAC. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este formulou alegacións en data 4 de marzo de 2022.
- Informe da Asesoría xurídica (disposición adicional 2ª LCSP).
- Fiscalización pola Intervención Municipal (artigo 214 TRLRFL 2/2004 e DA 3ª.3 LCSP 9/2017), se ben no presente caso, dado que se deniega a solicitude de reequilibrio non se orixinan gastos á Facenda Municipal, polo que non sería necesario este trámite.

#### **-IV-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **ACORDO**

*“1º.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Jesús Abalde Guiadanes, en nome e representación da Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, en data 4 de marzo de 2022 polas razóns expostas no fundamento xurídico II deste informe.*

*2º.- Denegar a solicitude presentada por D. Jesús Abalde Guiadanes, en nome e representación da Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, en data 8 de setembro de 2020, de reequilibrio do contrato de xestión de servizo público mediante a modalidade de concerto do Mercado do Progreso, polas razóns expostas no fundamento xurídico II do presente informe”.*



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(194).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6742/241.**

Visto o informe de fiscalización do 17/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 16/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (PPT)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 6 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

**Segundo.-** O 19 de setembro de 2019 a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) por un prezo total de 33.105,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.745,60 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O prazo do contrato é de dous anos.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 27 de setembro de 2019 e a execución do contrato iniciouse o 1 de outubro.

**Cuarto.-** Este contrato foi obxecto de tres modificacións:

- En data 17 de setembro de 2020 a XGL acordou modificar este contrato co obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Carballal-Cabral. Esta modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 996,19 euros que representa un 3,01% do prezo primitivo do contrato (expediente 6443/241).
- Por acordo da XGL de 17 de xuño de 2021 incorporouse na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP García Barbón. Esta modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 306,52 euros que representa un 0,93% do prezo primitivo do contrato (expediente 6621/241).
- A Xunta de Goberno Local en data 29 de outubro de 2021 acordou unha terceira modificación do contrato, ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Párroco Don Camilo, supoñendo esta modificación un incremento do importe total do contrato de 842,93 euros, IVE incluído, un 2,55% do prezo do contrato (expediente 6666/241).

A porcentaxe total de modificación deste contrato de 6,49%.

**Quinto.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de xullo de 2021 aprobou a prórroga do contrato para o período comprendido entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022

**Sexto.-** En data 23 de febreiro de 2022 a xefa do servizo de Educación solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da necesidade de incorporar o mesmo o ascensor do colexio público de ensino infantil e primario “Celso Emilio Ferreiro”.

**Sétimo.-** Con data do 3 de marzo de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

***“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de mantemento de ascensores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do concello de vigo (expediente 22985-332), nos termos sinalados neste informe.***



## Concello de Vigo

**2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 459,78 euros, (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 1,39% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total deste contrato de 7,88%.**

**3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.**

**4º.- Dar audiencia a SCHINDLER, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.**

**Sétimo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 10 de marzo de 2022.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

#### Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato para “o incremento ou diminución do número de ascensores a manter” (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar o incremento ou diminución das labores de mantemento e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola necesidade de incluír, na relación de ascensores a manter, o ascensor do CEIP “Celso Emilio Ferreiro”. Informa o respecto a xefa do servizo, en data 23 de febreiro de 2022 o seguinte:

*“O Colexio público de Ensino Primario “Celso Emilio Ferreiro” en data 01/02/2022 solicita que o Concello se faga cargo do mantemento do ascensor do centro, instalado no colexio pola Xunta de Galicia. As obras de instalación deste ascensor foron rematadas recentemente, quedando pendente a alta do ascensor para a cal é necesario o correspondente contrato de mantemento.*

*A instalación deste novo ascensor conleva incrementar o número de ascensores a manter.*

*En base ao exposto, resulta procedente a modificación do contrato ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEP Celso Emilio Ferreiro, o cal ten as seguintes características:*



## Concello de Vigo

Edificio	Dirección	Tipo	Accesos	RAE	Vel. (m/s)	Przas	Carga	Fabricante
CEP CELSO EMILIO FERREIRO	Rúa O Porriño, s/n (Coia)	1 ascensor hidráulico	3	(Pte.)	0,15	5	385 kg	Tresa

*O prezo da modificación dende o mes de abril de 2021 ata a data de finalización da prórroga do contrato 30 de setembro 2022 sería de 459,78 euros (76,63 euros/mes por 6 meses). Este resultado obtense ao dividir o prezo do contrato (33.105,60 €) entre as anualidades, o número de ascensores que eran obxecto de mantemento (dezaioito) e o número de meses (doce), do que resulta un prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 76,63 euros.*

*Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 e bolsa de vinculación”.*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, obedece ao incremento das labores do mantemento pola inclusión na relación de ascensores a manter do ascensor do CEIP “Celso Emilio Ferreiro”.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 459,78 euros, que equivale a un 1,39% do prezo do contrato. Dado que este contrato xa foi modificado a porcentaxe de modificación total deste contrato de 7,88%, polo tanto, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

-III-

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.

- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos aparatos elevadores, o mantemento dos mesmos en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base as competencias propias previstas no artigo 25.2.n da LBRL *“Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar cas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”*.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 459,78 euros no exercicio 2022, que imputaranse á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

#### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado





## Concello de Vigo

9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada para que cubra este importe tras a modificación.

-V-

### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o contrato de mantemento de ascensores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do concello de Vigo (expediente 22985-332), incorporando o mesmo o ascensor do colexio público de ensino infantil e primario “Celso Emilio Ferreiro”.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 459,78 euros, (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 1,39% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total deste contrato de 7,88%.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(195).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2022 ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 18941/101.**

Visto o informe de fiscalización do 21/03/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/03/2022, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXIII Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2022” organizada por FARO DE VIGO, SAU (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de marzo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXIII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2022”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, con data 24 de febreiro de 2022.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 1 de marzo de 2022.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .*



## Concello de Vigo

*O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.*

*O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

*Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.*

**Segundo.-** O día 14 de marzo de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 18 de marzo de 2022 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 18 de marzo de 2022, reuníronse o responsable do contrato – xefe do Servizo de Deportes xunto coa técnica de Administración xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. no procedemento.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación “*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”, nin outorgarlle puntuación. Así mesmo “*dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*”.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, ao ter presentado el os certificados de estar ao corrente nas obrigas coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, poderá formularse proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FARO DE VIGO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 18 de marzo de 2022 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXIII Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2022” (18.941-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **7(196).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2022. EXPTE. 66769/511.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda de data 11/03/2022, que di o seguinte:

#### **DECRETO**

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos de data 11-03-2022,

#### **RESOLVO:**

**1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica** do ano 2022 que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-9992-H, polo importe total de **14.726.806,45 €** euros, correspondentes a un total de 202.029 vehículos e 160.322 recibos emitidos.

**2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica** a 2.016 vehículos para uso exclusivo de persoas con certificado de **discapacidade** igual ou superior ao 33% que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: ED” e “Ano de inicio.bonif: 2022” *(a exención para os restantes 4355 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).*

**3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 733 vehículos con **emisións CO2 menores a 120grs/km** así como a 23 vehículos con **eficiencia enerxética A** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: CO2”, “Bonif. Fiscal: Enerxética” e “Ano de inicio.bonif: 2022” e a súa cota bonificada correspondente.

**4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 65 **vehículos eléctricos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Eléctricos” e “Ano de inicio.bonif: 2022” e a súa cota bonificada correspondente *(a bonificación para os restantes 143 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido).*

**5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 263 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da Ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Híbrido” e “Ano de inicio.bonif: 2022” e a súa cota bonificada correspondente.

**6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 13 vehículos que utilizan combustible GLP que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: GLP” e “Ano de inicio.bonif: 2022” e a súa cota bonificada correspondente.

**7.- Aprobar a bonificación do 100% da cota do imposto** a 42 vehículos con antigüidade anterior ao ano 1986 e con menos de 5000km percorridos, condicións establecidas no artigo 4 apartado 2.3) da ordenanza fiscal vixente, e que aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Equip.” (Equiparable a Históricos) e “Ano de inicio.bonif: 2022” e a súa cota bonificada correspondente.

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4, 5, 6 e 7 anteriores, consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpeta cidadá" da web do Concello.

**8.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

**9.- Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **8(197).- NORMAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2022-2023. EXPTE. 25827/332.**

Dáse conta do informe-proposta do 21/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, nove Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Atalaia-Teis, Bembrive, Bouzas, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Santa Marta-Casco Vello e Tomás Alonso), ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 22 de marzo de 2021 acordou aprobar as *Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2021-2022 (Expte 24972/332)*. Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade, tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. De conformidade con isto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matriculación nas escolas infantís municipais.

O procedemento básico da convocatoria non difire significativamente da realizada o curso anterior, en canto a prazos e mecanismos de solicitude e seguimento do proceso, pero si nas condicións económicas para a participación na oferta municipal de prazas nas escolas infantís municipais. Seguindo instrucións da concellería delegada, inclúense na proposta de convocatoria do curso 2022-2023 na Rede de Escolas Infantís Municipais que acompaña a este informe, as seguintes modificacións:

- EIM Santa Marta-Casco Vello: Está previsto o traslado desta escola durante o curso escolar ás novas instalacións que se están a preparar no IME (Instituto Municipal de Educación), na Praza da Industria, unha vez rematadas as obras de acondicionamento e obtidas as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Estas circunstancias poderán motivar algunha demora no comezo do curso nesta escola infantil municipal.

- A gratuidade na matriculación do segundo fillo ou filla, extendese neste curso tamén ao primeiro fillo ou filla. Esta prestación inclúe os servizos de atención educativa, comedor e orientación.

As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), que establece como competencia propia:

*“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”*

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

*“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.*

*o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”*

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, e 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, cómpre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2022-2023 que se achega no expediente elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## **PROPOSTA DE ACORDO**

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 202-2023, conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.
2. Facultar ao Concelleiro de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2022-2023 de acordo co calendario previsto nas Normas citadas, así como a resolución das solicitudes e aprobación dos listados provisionais e definitivos e lista de agarda.

## **NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2022-2023**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Estas Normas teñen por obxecto convocar e regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2022/2023 e establecer o calendario do procedemento.

Conforman actualmente a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Atalaia-Teis, Bembrive, Bouzas, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa





## Concello de Vigo

Cristina-Lavadores, Santa Marta-Casco Vello e Tomás Alonso. No **Anexo 1** destas Normas, recóllese a **oferta actual da REIM**.

### SEGUNDA.- XESTIÓN

A xestión da REIM levase a cabo de forma indirecta mediante contrato de servizos, con empresas que prestan os seus servizos nos termos contidos nos correspondentes pregos de prescricións técnicas e administrativas que o regulan.

### TERCEIRA.- SERVIZOS QUE SE OFERTAN

#### 1. Atención educativa

As escolas da REIM de Vigo contan con proxecto educativo propio que se axusta na súa estrutura ao indicado no Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Préstase tamén unha atención especial á aprendizaxe do idioma galego, mediante metodoloxías que facilitan a inmersión lingüística.

#### 2. Servizo de orientación. Gabinete psicopedagóxico

Cada unha das escolas da REIM de Vigo conta cun Equipo de Atención Temperá (EAT), nos termos contidos nos pregos técnico e administrativo que regulan os correspondentes contratos de xestión de servizos.

#### 3. Servizo de comedor

Todas as escolas da REIM contan con cociña propia. Os menús están supervisados por un servizo específico de Nutrición infantil.

As quendas de Mañá e Contínua ofertan un servizo de almorzo (opcional) e de xantar, e as quendas de Tarde, servizo de merenda.

#### 4. Horario e calendario

Dentro do horario de apertura do centro, as persoas solicitantes optarán por unha das quendas que se oferten en cada escola, reflectidas no Anexo 1 destas Normas. Neste horario de funcionamento, fíxase unha permanencia na escola de un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.

##### Horarios especiais:

- ◆ En circunstancias excepcionais, debidamente acreditadas, o horario poderase ampliar ou reducir, trala correspondente solicitude e valoración técnica das circunstancias das e dos menores (realizada polo centro en base aos seus criterios organizativos de funcionamento), mediante Resolución do concelleiro de Educación do Concello de Vigo.
- ◆ Para o desenvolvemento das sesións de traballo trimestrais do equipo educativo das escolas, de preparación da programación, os centros con quenda de Tarde pecharán ás 19,00h os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.
- ◆ O día 5 de xaneiro as escolas pecharán ás 16,00h

##### Calendario:

As escolas permanecerán abertas de luns a venres, excluídos os días festivos establecidos no calendario laboral (nacionais, autonómicos e locais), así coma o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Xunta de Galicia, e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día **7 de setembro de 2022**.

O alumnado poderá asistir ao centro durante todo o ano, agás no mes de agosto, no que as escolas infantís municipais estarán pechadas, para o

disfrute das vacacións do persoal e para a realización de traballos de mantemento das instalacións e equipamentos.

#### Periodo de adaptación

As escolas planifican o período de adaptación, entendido como a incorporación gradual dos/as cativos/as na escola, tendo en conta que acudir por primeira vez á escola en períodos curtos de tempo favorece unha rápida adaptación á mesma.

Antes do comenzo do curso, cada escola programa unha primeira xuntanza con todos os pais e nais, titores/as ou representantes legais para explicar como se vai desenvolver este período de adaptación, coa fin da súa implicación para facilitar o proceso.

#### **5. Outras prestacións**

A matriculación nunha escola infantil municipal incluírá así mesmo, os seguros obrigatorios e horario amplo.

### **CUARTA.- REQUISITOS PARA SER ADXUDICATARIO**

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o/a neno/a estea **empadronado en Vigo**.
2. Idade do/a neno/a
  - Ter unha **idade mínima de tres meses** na data de ingreso na escola na que obteña praza
  - **Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro** de 2022

Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

### **QUINTA.- CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS**

As prazas adxudicaránse por esta orde:

#### A) Reserva de praza

Teñen preferencia á renovación automática da praza os/as nenos/as escolarizados/as no curso 2021/2022, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e se convoquen prazas para a quenda que solicita.

Poderán reservar praza noutra escola da REIM as familias que xustifiquen un cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes, logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

#### B) Novo ingreso

Pódese solicitar praza en calquera das escolas da REIM de Vigo, segundo a oferta indicada no Anexo 1 destas Normas. Os/As solicitantes deberán, se é o



## Concello de Vigo

caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda, tendo en conta que a quenda de Mañá e a Continua, son, a estes efectos, a mesma.

As solicitudes seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1. Os/as fillos/as do persoal da REIM, cando soliciten a praza no centro onde presta servizo a/o nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza, renovada ou de novo ingreso na EIM para a que solicitan praza.

As prazas que queden vacantes adxudicaranse aos/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 3 destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

### C) Prazo extraordinario

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito *extraordinario* e con carácter xeral, a partir do **día 1 de setembro e ata o 31 de decembro de 2022**, no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza. Para o alumnado que opte ao **Aula 1 (0-1 anos)**, este prazo estenderase **ata o 31 de xaneiro 2023**.

## SEXTA.- PREZOS

1. Os servizos de atención educativa das escolas infantís municipais para o curso 2022-2023 serán gratuítos.
2. O servizo de comedor das escolas infantís municipais (almorzo, xantar, merenda), así coma o servizo de orientación, tal e como se veu facendo nas anteriores convocatorias da rede de escolas infantís municipais do Concello de Vigo, non suporá custo adicional algún para o alumnado participante.

## SÉTIMA.- BAREMO. RENDA PER CÁPITA MENSUAL

1. A efectos da aplicación do baremo incluído no Anexo 3, a determinación do importe da renda per cápita da unidade familiar computarase do seguinte xeito:
  - a) O importe dos ingresos totais das rendas do exercicio anterior de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da suma da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo o criterio establecido na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para estes cálculos tomarase a declaración do IRPF correspondente ao ano 2020.
  - b) O importe anterior dividirase polo número de membros da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
  - c) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre catorce.
2. Entenderase por **unidade familiar** a formada polos cónxuxes non separados legalmente, ou análoga relación de afectividade, e:
  - as/os fillas/os menores, con excepción de quen, con consentimento das/s nais, pais, vivan independentes destas/es.
  - as/os fillas/os maiores de dezaoito anos que convivan no domicilio familiar.
3. Entenderase por **familia monoparental** o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña

unha relación análoga á conxugal e as/os fillas/os menores ao seu cargo, nos seguinte suportes:

- ◆ Os homes e mulleres que afronten a paternidade ou a maternidade en solitario.
  - ◆ As familias formadas por unha ou un cónxuxe viuvo e os fillos e fillas.
  - ◆ As familias formadas por unha nai ou pai que queda a cargo das fillas e fillos sen que teñan custodia compartida.
4. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación existente no periodo de solicitude de praza.

## OITAVA.- SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

### A) SOLICITUDES

#### 1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos especificados na Norma Cuarta, puntos 2 e 3, e na Norma Quinta A), manterá o seu dereito á praza para o curso 2022-2023.

As solicitudes presentaranse na propia escola utilizando o Formulario de Renovación de Praza, dispoñible na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim).

As familias dos/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo escolarizados/as durante o curso 2021/2022 que tivesen cumprido os tres anos a 31 de decembro de 2021, poderán solicitar a súa permanencia na escola durante un curso máis, para o que deberán presentar a solicitude de renovación xunto co informe de valoración da dirección da escola sobre a súa evolución e os informes dos/as profesionais que leven o seguimento do/a neno/a.

#### 2.- Solicitudes de novo ingreso

As/os interesadas/os deberán cubrir o Formulario de Solicitude de Praza, dispoñible na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim).

##### Presentación das solicitudes :

##### a) Solicitude telemática - Sede electrónica

Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude de Praza na web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim), seguindo as instrucións que se indican, accédese ao procedemento "Solicitude de praza nas escolas infantís municipais", na sede electrónica do Concello de Vigo ([www.vigo.org/solicitude-eim](http://www.vigo.org/solicitude-eim)), onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude de Praza) e pulsar tramitar; poderase descargar entón o xustificante do Rexistro.

b) Solicitude presencial - Rexistro Xeral. Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude de Praza seguindo as instrucións que se indican na web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim), deberase imprimir o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (previa solicitude de cita), ou en calquera dos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza para **nenos/as non nados**, cuxo nacemento estea previsto para **antes do 6 de xuño de 2022** data tope de nacemento para a súa posible admisión, e sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

### B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR



## Concello de Vigo

A documentación que en cada caso corresponda presentar, poderase achegar electronicamente (mediante o seu escaneado) no lugar indicado no Formulario de Solicitud ou ben presentar fisicamente en papel á hora de realizar a solicitude presencial.

### **Alumnado de novo ingreso:**

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (formulario oficial de solicitude), a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento nacional de identidade (DNI) ou outro documento acreditativo da identidade da nai e do pai, ou dos representantes legais, segundo proceda.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- c) Vida laboral actualizada da nai e do pai ou representantes legais.

### SITUACIÓN LABORAL

No caso de solicitantes que perciban Risga

- Certificación acreditativa

### SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

Só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

Acreditación da condición de familia numerosa:

- Fotocopia do Título de familia numerosa.

Acreditación da condición de familia monoparental:

- Sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial de medidas paterno-filiais.
- Certificado administrativo de monoparentalidade expedido pola Comunidade Autónoma

Acreditación da condición de minusvalía:

- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia da/do nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- Grado de discapacidade e/ou dependencia do/da neno/a para quen se solicita praza.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido, suporá a renuncia implícita á súa valoración no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle o Anexo 3.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación de solicitudes será do **29 de marzo ao 13 de abril de 2022**.

### **NOVENA.- TRAMITACIÓN**

1. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos datos fiscais da Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) da persoa solicitante e do seu cónxugue ou parella, correspondentes ao ano 2020, agás oposición expresa do interesado, que reflectirá no apartado correspondente no Formulario de Solicitud; neste caso, deberán achegar copia da última Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar.

Asimesmo, para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos no Padrón Municipal.

No suposto de non poder obter os datos do órgano competente poderase requerir á persoa interesada a súa presentación.

2. O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requerirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días naturais, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición. O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para unha mellor e máis eficaz realización do seu cometido.
3. A páxina web das escolas ([www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim)) permite incorporar a documentación complementaria ou requerida polo Servizo de Educación.
4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos presentados. O Concello de Vigo poderá requerir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo.
5. No caso de familias de nenos e nenas con necesidades específicas que solicite ampliación do prazo de escolarización, será a propia escola quen remitirá a solicitude xunto co resto da documentación á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o seu traslado ao equipo de orientación específico, que emitirá o correspondente ditame de escolarización.

#### **DÉCIMA.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES**

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o **baremo establecido no Anexo 3** destas Normas, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter **igual puntuación**, daráselle **prioridade á renda per capita máis baixa**.
2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
  - Presidencia: A xefa do Servizo Municipal de Educación ou persoa en quen delegue.
  - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do Servizo Municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado polo concelleiro de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección ao concelleiro de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

#### **LISTAS PROVISIONAIS**

A relación provisional de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 30 de maio de 2022**.

#### **UNDÉCIMA.- RECLAMACIÓNS**

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de **seis (6) días naturais** posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da **lista definitiva**.



## Concello de Vigo

### **DUODÉCIMA.- RESOLUCIÓN**

Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisional, correspóndelle ao concelleiro de Educación a aprobación da relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida. Desta Resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.

### **LISTAS DEFINITIVAS**

A relación definitiva de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 13 de xuño de 2022**.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- MATRÍCULA**

1. As familias de nenas/os admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, presentando o **Impreso de aceptación de praza (Anexo 2)** debidamente cuberto; en caso contrario perderán automaticamente o dereito á praza.
2. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
3. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

### **PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA**

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o día **14 ao 24 de xuño de 2022**.

### **DÉCIMO CUARTA.- LISTA DE AGARDA**

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.
3. As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada.
4. As familias en lista de agarda terán preferencia sobre as que se presenten durante o Prazo extraordinario, referido no punto C da Norma Quinta.

### **DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE**

A relación provisoria de admitidas/os, lista de agarda e lista definitiva, coa puntuación obtida, publicarase na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

## **DÉCIMO SEXTA.- BAIXAS**

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
  - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
  - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
  - c) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
  - d) Pola incompatibilidade ou inadaptación manifesta para permanecer no centro.
  - e) Pola falta de asistencia continuada durante quince días sen causa xustificada.
  - f) Pola falta de asistencia durante 10 días no mesmo mes, sen causa xustificada.
  - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
  - h) Polo incumprimento reiterado da normativa reguladora da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo (as presentes Normas e os correspondentes Regulamentos de Réxime Interno das escolas).
2. Cando se produza unha falta de asistencia (puntual ou prolongada), deberá presentarse, con periodicidade mensual, a documentación acreditativa da causa que a produce. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.
3. As baixas motivadas polo establecido nas líñas d), e), f), g) e h), resolveraa o concelleiro delegado da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde estea a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal.
4. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación. Este procedemento aplicarase ata o día 31 de xaneiro de 2023, momento a partir do cal non se producirán novas altas nas escolas infantís municipais.

## **DÉCIMO SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos persoais recollidos no formulario normalizado de solicitude de praza, indispensables para a xestión desta convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da xestión deste procedemento en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude de praza na Rede de escolas infantís municipais.

Os datos serán obxecto de cesión ás empresas adxudicatarias da xestión de cada escola, que asumen expresamente as responsabilidades como encargadas do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.





## Concello de Vigo

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **DÉCIMO OITAVA.- REGULAMENTO XERAL**

Estas Normas serán de aplicación ao curso 2022-2023. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e no Regulamento de Réxime Interior das escolas infantís da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

## ANEXO 1

### OFERTA DE PRAZAS DA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2022/2023

#### a) Oferta de quendas, liñas e aulas por escola

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	QUENDA			LIÑAS	AULAS		
	Mañá	Tarde	Continua		0-1	1-2	2-3
Atalaia-Teis	X	X		1	X	X	X
Bembrive			X	2	X	X	X
Bouzas	X	X		1	X	X	X
Costeira-Saiáns		X	X	1	X	X	X
Mestres Goldar-Castrelos			X	1	X	X	X
Navia	X	X		1	X	X	X
Santa Cristina-Lavadores	X	X		1	X	X	X
Santa Marta-Casco Vello (*)	X	X		1	X	X	X
Tomás Alonso	X	X		1	X	X	X

(\*) Está previsto o traslado desta escola, durante o curso escolar, ás novas instalacións que se están a preparar no IME (Instituto Municipal de Educación), na Praza da Industria, unha vez rematadas as obras de acondicionamento e obtidas as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Estas circunstancias poderían provocar algunha demora na data de comezo do curso 2022-2023 nesta escola infantil municipal.

#### b) Oferta de horarios por quenda

- **Quenda de Mañá:**
  - Entrada: de 07,30h a 09,00h
  - Saída: de 15,30h a 15,45h

Quenda ofertada nas EIMs Atalaia-Teis, Bouzas, Navia, Sta. Cristina-Lavadores, Santa Marta-Casco Vello e Tomás Alonso.

- **Quenda de Tarde:**
  - Entrada: ás 16,00h
  - Saída: de 19,45h a 20,00h

Quenda ofertada nas EIMs Atalaia-Teis, Bouzas, Costeira-Saiáns, Navia, Sta. Cristina-Lavadores, Santa Marta-Casco Vello e Tomás Alonso.



## Concello de Vigo

- **Quenda Continua:**
  - Entrada: de 07,30h a 09,00h
  - Saída: de 15,30h a 17,00h

Quenda ofertada nas EIMs Bembrive, Costeira-Saiáns e Mestres Goldar-Castrelos.

### ANEXO 2

#### DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O CURSO 2022/2023

Dña .....

D. ....  
na súa calidade de nai/pai, titor/a ou representantes legais do/a neno/a

Manifestan:

- 1) Que aceptan a praza outorgada polo Concello de Vigo para o curso 2022-2023 na EIM .....  
na Aula ..... quenda ....., de acordo co indicado nas Listas Definitivas de adjudicación de prazas na Rede de escolas infantís municipais para o curso 2022/23.  
Esta praza dá dereito ao disfrute, por parte do/a menor citado/a neste documento, das prestacións e servizos incluídos nas "Normas para a adjudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2022-2023" aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2022.
- 2) Que coñecen e aceptan o indicado nas citadas Normas.
- 3) Que autorizan a que o/a neno/a sexa recollido/a, na escola infantil, polas persoas así autorizadas segundo modelo á súa disposición nas propias escolas infantís municipais, que poderá ser revocado e/ou modificado cando os representantes legais así o decidan.
- 4) Que ..... (si/non) autorizan ao/á neno/a a saír da Escola infantil para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.
- 5) Que ..... (si/non) autorizan á toma e publicación de imaxes do/a neno/a polos responsables da Escola infantil.
- 6) Que ..... (si/non) autorizan a que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescripción facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.

Vigo, a ..... de ..... de 2022

Asdo:.....

Asdo:.....

### ANEXO 3

## NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2022/2023

### BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTO S
<b>SITUACIÓN ECONÓMICA</b> (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2022 É DE 8.106,28 €)	
Inferior ao 30% do IPREM	4
Entre o 30% e o 50% do IPREM	3
Entre o 50% e o 75% do IPREM	2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Superior ao 200% do IPREM	-4
<b>SITUACIÓN LABORAL</b> (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
Situación laboral de ocupación: <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	7 7
Situación laboral de desemprego: <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	2 2
Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga) <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	3 3
<b>SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR</b>	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2



## Concello de Vigo

Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:	Ata 3

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(198).- PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2022 (PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2022). EXPTE. 25768/332.**

Visto o informe de fiscalización do 22/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 10/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao ano 2022. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos centros escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230.212.0000 "Reparación e mantemento edificios colexios"), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio orzamentario. No presente expediente, no período comprendido entre o 01/01/2022 e o 31/12/2022. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de mantemento que o centro debe afrontar deben de fundamentarse no **MANTEMENTO PREVENTIVO** dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:

- A **UTSE** (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) **realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así como aquelas que poidan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiran dunha maior especialización no seu deseño e control.**

- Os Consellos Escolares dos centros educativos **afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN.** Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os **VIXILANTES-PORTEIROS.**

- Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu orzamento do Programa Autoxestión e non poida facer fronte ás actuacións de mantemento que lle corresponderían; neste caso, xustificadas todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarear as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizada unha **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos, consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da “Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos” (expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano 2022, o correspondente **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do orzamento municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2022**, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde neste ano a cada centro público, reflectida no seu **Anexo I.** A contía global anual ascende a **293.170,00 euros** (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros).

No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de educación infantil e primaria de Vigo.

De resultados do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do importe a transferir este ano 2022 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2021), ese



## Concello de Vigo

saldo detraerese da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **290.477,06 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2022 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2021 + financiamento 2022). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestase intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2022, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 50 centros educativos: 6 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 39 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos), 4 centros públicos de educación primaria (6-12 anos) e 1 centro público de educación especial (3-21 anos).

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2021 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2021, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 12 de marzo de 2020 (expte. 24876/332); cómpre indicar que a base terceira deste procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debía ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 50 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2021, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2021". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

1) Aprobar o **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do orzamento municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2022** (Programa Autoxestión 2022), que se achega ao expediente.

2) Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2022, destinando para tal fin a cantidade de **290.477,06 euros** da aplicación orzamentaria 3230.212.0000 “Reparacións e mantemento edificios colexios” do orzamento municipal vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2022**

**PRIMEIRA.-** Destínase a cantidade de **293.170,00 euros para o ano 2022**, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, editada polo Servizo municipal de Educación (expte. 16026/332), sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

**SEGUNDA.-** Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflectido no **Anexo I**. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2022 aos centros, e conforme ao establecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2021), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **290.477,06 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2022 será a indicada no Anexo I inicial (**293.170,00 euros**), pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2021 + financiamento 2022). A cantidade asignada para o presente ano 2022 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

**TERCEIRA.-** O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.

Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (Relación de facturas), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente Certificación do acordo do Consello Escolar. No caso de que o importe xustificado fose inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo período. Se o centro educativo non participase no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a achega municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.





## Concello de Vigo

Esta documentación xustificativa, correspondente ao Programa Municipal de Autoxestión, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.

A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

1) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- A palabra “Factura”, co seu número correspondente.
- Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.
- Concepto do gasto, o máis concreto posible.
- Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos unicipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser **obrigatoriamente** deste formato:

Data factura	Nº factura	Proveedor	NIF proveedor	Concepto	Importe
--------------	------------	-----------	---------------	----------	---------

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presenza do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

**CUARTA.-** As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos (expte. 16026/332)**. Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

**QUINTA.-** **Prohíbese** expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a **realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación**, así como aquelas **reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento)** e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou

demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. No entanto, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámpadas, cebadores, resistencias, etc, entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuacións simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, así mesmo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

**SEXTA.-** Dada as diferenzas que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estritamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

**SÉTIMA.-** Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

Estado xeral do centro (criterio da UTSE):

- estado xeral bo (superior á media): ..... 2 puntos
- estado xeral regular (media): ..... 5 puntos
- estado xeral malo (inferior á media): ..... 10 puntos

Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):

- entre 11 e 50: ..... 2 puntos
- entre 51 e 150: ..... 5 puntos
- máis de 150: ..... 10 puntos

Superficie edificada (m<sup>2</sup>):

- entre 50 e 500: ..... 10 puntos
- entre 501 e 1500: ..... 15 puntos
- entre 1501 e 2500: ..... 20 puntos
- entre 2501 e 4000: ..... 25 puntos
- entre 4001 e 5500: ..... 30 puntos
- máis de 5500: ..... 35 puntos

Superficie terreos (m<sup>2</sup>):

- entre 50 e 1000: ..... 10 puntos
- entre 1001 e 3000: ..... 15 puntos
- entre 3001 e 6000: ..... 20 puntos
- entre 6001 e 9000: ..... 25 puntos
- máis de 9000: ..... 30 puntos

**OITAVA.-** O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.



## Concello de Vigo

**NOVENA.-** O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

**DÉCIMA.-** Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O Servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o regulan (***Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo*** -de aprobación anual-, e ***Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos***).

### **10(199).- ACTUALIZACIÓN DAS TÁBOAS DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO DO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓN S OCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓN REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007”. EXPTE. 19004/77.**

Visto o informe de fiscalización do 14/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/03/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución 25/11/2021) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. O *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano*.

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as e técnicos-xestores, do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo (Exp.**18014/77**), dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP nº 61 do 31 de marzo de 2021, en aplicación do incremento do 0,9% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego en virtude da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021.*s mesmos*.

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Exp.**18714/77**), derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1º a Contía do SMI (que queda fixado en 32,17 euros/día ou 965 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses), aplicando unha suba con

efectos desde o 01/09/2021 a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

IV. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, adoptou o acordo de "Actualización das táboas de retribucións do "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007" (Exp.**18945/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Actualización

No BOE núm. 46 do 23/02/2022, publicouse o Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, dispoñendo, que no ano 2022, o salario mínimo para calesqueira actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 33,33 euros/día ou 1.000 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses.

Tendo en conta esta disposición, e en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego no ano 2022, resulta de aplicación con efectos desde o 01/01/2022 a **Traballadores/las beneficiarios/las dos programas de emprego** que actualmente están contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego - persoal alumnado-traballador nos programas "**VIGO CAPACITA VII**", O.E. de garantía xuvenil "**FORMAWEB IV**" e programa de **COOPERACIÓN-RISGA "Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo"**, na categoría de persoal traballador beneficiario segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

O incremento salarial derivado desta suba por importe de **5.993,38 €**, imputarase con cargo ás partidas indicadas a continuación:

#### - **"REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO"**:

**-1.705,18 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 "*GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO*".

**-00,00 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 "*S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO*". Nesta partida non procede importe atrasos, porque dende o mes de setembro de 2021, en base o artigo 35. Bases mínimas de cotización por contingencias comúns, por horas aplicables aos contratos de traballo a tempo parcial.

#### - **OE "FORMAWEB IV"**:



## Concello de Vigo

- **1.837,80 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 "GASTOS PERSOAL FORMAWEB IV"

### **OE "VIGO CAPACITA VII":**

- **2.450,40 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 GASTOS PERSOAL "VIGO CAPACITA VII"

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións do persoal traballador beneficiario, incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios, tal e como se amosa na táboa que se inclúe no Anexo I deste expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **5.993,38 €** derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

#### - **"REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO":**

-**1.705,18 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 "GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO".

-**00,00 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 "S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO". Nesta partida non procede importe atrasos, porque dende o mes de setembro de 2021, en base o artigo 35. Bases mínimas de cotización por contingencias comúns, por horas aplicables aos contratos de traballo a tempo parcial.

#### - **OE "FORMAWEB IV":**

- **1.837,80 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 "GASTOS PERSOAL FORMAWEB IV"

### **OE "VIGO CAPACITA VII":**

- **2.450,40 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 *GASTOS PERSOAL "VIGO CAPACITA VII"*

**CUARTO:** Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(200).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 11413/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 22/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 7 de marzo de 2022, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, e procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 52 do 16 de marzo de 2022).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás



## Concello de Vigo

mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establece os seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero.
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller.

Atendendo ás bases da convocatoria, cada entidade só poderá presentar unha solicitude de axuda para cada un dos programas previstos na resolución.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

Isto concorda coas competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada pola Resolución de data 17 de agosto de 2020 sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021 sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, que no relativo a este servizo e á súa finalidade, son: *dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade: Oficina de Igualdade, Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero; Impulsar e apoiar medidas e servizos na procura da conciliación da vida persoal, laboral e familiar; Elaboración, execución,*

*coordinación e avaliación das medidas e accións reflectidas no “Plan municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo” vixente; Promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo; Iniciación de expedientes de solicitude de subvencións ou convenios con outras Administracións Públicas ou de iniciativa social para colaborar na realización de programas relacionados coas competencias delegadas en materia de Igualdade.*

Actualmente, o Concello de Vigo mantén vixente o “IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes” por acordo da Corporación Municipal da sesión plenaria do 25/01/2013; este documento de traballo permite mellorar as políticas e as intervencións a prol da igualdade entre mulleres e homes no Concello de Vigo. Entre os obxectivos que contempla, os seguintes están directamente relacionados coa finalidade dos programas que establece esta convocatoria: *potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que impulsen e faciliten a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de mulleres e homes; promover a prevención da violencia de xénero e garantir a atención e apoio a menores vítimas de violencia de xénero; garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero e promover medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero entre a poboación viguesa.*

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria os programas que de seguido se refiren:

a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

*.- “Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia” . Orzamento máximo segundo as bases da convocatoria: 40.000,00 € . Axuda solicitada: 18.000,00 €*

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero.

*.- “Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero” Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 16.113,24 €. Axuda solicitada: 15.000,00 €*

c) Programa de apoio aos centros de información á muller.





## Concello de Vigo

.- *“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”* . Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 100.000,00 €. Axuda solicitada: 45.000,00 €.

Este expediente non supón a aprobación ou autorización de gastos, polo que este expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa. Tal e como se recolle no informe emitido polo interventor xeral en data 11/02/2020 ( sobre expediente de solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia sobre o mesmo programa de subvencións pero correspondente ao exercicio 2020) remitido a este servizo, os expedientes que non sexan susceptibles de producir obrigas de contido económico non serán remitidos á intervención xeral municipal para a súa fiscalización previa a fin de evitar atrasos ou dilacións innecesarias na súa tramitación.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 78.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 7 de marzo de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 52 do 16 de marzo de 2022), distribuída do seguinte xeito:

a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

- *“Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia”* . Orzamento máximo segundo as bases da convocatoria: 40.000,00 € . Axuda solicitada: 18.000,00 €

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero.

- *“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”* Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 16.113, 24 €. Axuda solicitada: 15.000,00 €

c) Programa de apoio aos centros de información á muller.

- *“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”* .  
Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria:  
100.000,00 €. Axuda solicitada: 45.000,00 €.

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(201).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS. EXPTE. 10305/320.**

Visto o informe xurídico do 18/03/2022 e o informe de fiscalización do 22/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/03/2022, asinado pola técnica de xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **I.- ANTECEDENTES.**



## Concello de Vigo

Primeiro.- Mediante resolución do 22/10/2021, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de contratación do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, en data 22/10/2021
- b) Memoria económica do contrato de data 27/01/2022, asinada pola Técnica de xestión, a Técnica de Administración Xeral (en atribución temporal de funcións por Resolución de data 25/11/2021) e o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,
- c) Documento contable de retención de crédito de 31/01/2022 (RC núm. operación: 202200008901)
- d) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial de servizos Enerxéticos da Área de Fomento, de data 21/12/2021.
- e) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 16/02/2022, asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial de servizos Enerxéticos da Área de Fomento.
- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 24/02/2022, asinada pola técnica de xestión, a Técnica de Administración Xeral (en atribución temporal de funcións por Resolución de data 25/11/2021) e o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación, de data 28/02/2022.
- h) Pregos de cláusulas administrativas particulares de data 28/02/2022, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020). O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 22 de outubro de 2021 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial de servizos Enerxéticos da Área de Fomento e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorpora o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**Sexto.-** As técnicas que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, os concelleiros delegados de Participación Cidadá e Festas, e Orzamentos e Facenda subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (10305/320) por procedemento aberto simplificado abreviado do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 16 de febreiro de 2022, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 28 de febreiro de 2022, que rexerán a contratación do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS



## Concello de Vigo

3º.- Aprobar o gasto de 56.628,00 € para a contratación do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS, con cargo á aplicación orzamentaria 9240.6330000 "Climatización CMD Teis" , do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2022.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(202).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN "CINECLUBE LUMIÈRE VIGO", PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2022. EXPTE. 4343/330.**

Visto o informe xurídico do 04/03/2022 e o informe de fiscalización do 22/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 02/03/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 23 de febreiro do 2022, a asociación "Cineclube Lumière Vigo" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de cine en versión orixinal durante o exercicio 2022; por este motivo, con data 24 de febreiro do 2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A entidade "CINECLUB LUMIÈRE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

### **PROGRAMACIÓN DO ANO 2021:**

As proxeccións serán todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2021 ao 10 de novembro do 2022, ás 20:00 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo agás nos meses de xullo e agosto.

**Estos horarios poden estar suxeitos a modificacións en función das medidas establecidas polas autoridades sanitarias en cada momento derivadas da COVID.**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.386,91 € (VINTE MIL TRESCENTOS OITENTA E SEIS CON NOVENTA E UN EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 5.561 €
- Venda entradas: 4.453 €
- Publicidade: 372,91 €

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante do pagamento do mesmo no período subvencionable.
- Escrito de aceptación do texto do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 01.03.2022)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade "Cine Clube Lumiere Vigo", para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2022 obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.



## Concello de Vigo

A concesión da subvención directa ao “Cine Clube Lumiere Vigo” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Cine Clube Lumiere Vigo” ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a “Cine Clube Lumiere Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á entidade “Cineclubes Lumiere Vigo”, CIF. G36758696, para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02*

“CONVENIO CINE LUMIERE”, *que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumiere que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2022”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “CINECLUBE LUMIÈRE VIGO”, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2022**

En Vigo, na data da sinatura dixital

#### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, na súa condición de presidente da asociación “Cineclube Lumiere Vigo” (CIF: G-36.758.696) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Doctor Cadaval núm. 33, 4º A, 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### **MANIFESTAN**

*I.- Que “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.*





## Concello de Vigo

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**”, como medio que é de promover o cine en versión orixinal na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**”, a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización da programación do cine en versión orixinal para o exercicio 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.386,91 € (VINTE MIL TRESCENTOS OITENTA E SEIS CON NOVENTA E UN EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 5.561 €
- Venda entradas: 4.453 €
- Publicidade: 372,91 €

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

As proxeccións serán todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2021 ao 10

de novembro do 2022, ás 20:00 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo agás nos meses de xullo e agosto.

**Estos horarios poden estar suxeitos a modificacións en función das medidas establecidas polas autoridades sanitarias en cada momento derivadas da COVID.**

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1 Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, presidente da entidade.
- 2 Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3 Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4 Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5 Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6 Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7 Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8 A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



## Concello de Vigo

- 9 Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido A ENTIDADE achega copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- 10 Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.**

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1 Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2 Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a Un primeiro pagamento no mes de xullo do 2022, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao programa executado ata o 30 de xuño do 2022
- b Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe restante, comprendido entre o 1 de xullo e o 9 de novembro do 2022. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2022.



## Concello de Vigo

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - a.1 Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - a.2 Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - a.3 Memoria de prensa.
  - a.4 Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - a.5 Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán

facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2021 e o 9 de novembro do 2022, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**



## Concello de Vigo

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### **ORZAMENTO 2022**





## Concello de Vigo

### 10. ORZAMENTO

Previsión de gastos e ingresos no periodo do 15 de novembro de 2021 ao 10 de novembro de 2022

14(20): CONC PORT Visto dáse Transp	<b>GASTOS</b>		<b>DE DE</b>
	CONCEPTO		
	Aluguer de películas	7.487,36 Euros	
	Aluguer de oficina	2.501,42 Euros	22,
	Portes	264,91 Euros	de
	Organización, xestión e gastos de oficina	10.133,22 Euros	:
	<b>TOTAL</b>	<b>20.386,91 Euros</b>	
<b>A) AN PRIME adxud para a de Po</b>	<b>INGRESOS</b>		J a orto aza
	Cotas de socios e colaboradores	5.561,00 Euros	
	Venda de entradas	4.453,00 Euros	
	Publicidade	372,91 Euros	
<b>SEGUN Vigo e</b>	Subvención de Cultura Concello de Vigo	10.000,00 Euros	de
<b>TERCE aparc acond</b>	<b>TOTAL</b>	<b>20.386,91 Euros</b>	ado a e



### B) SOLICITUDE DE REVISIÓN TARIFARÍA

Na data 25 de setembro de 2021, D. Carlos Alberto Baña Neira en representación da empresa EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736 solicita a revisión de tarifas do aparcadoiro da praza de Portugal, manifestando que de conformidade coa fórmula polinómica contida no prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión, corresponde un incremento de 3,3% das tarifas iniciais.

Consultado o prego de condicións administrativas particulares aprobado na Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2015 e que rexe a concesión, comprobouse o seguinte:

Na Cláusula 7ª do prego de condicións administrativas particulares relativa ao canon concesional, nos nº 3 e 4, se establece:

3.- O canon proposto na oferta do licitador do contrato adxudicado, estará vixente sen revisión dende a data de adxudicación ata o 31 de decembro do ano seguinte ao que se inicie o servizo.

4.- O importe do canon será obxecto de revisión anual a partir do día seguinte á data prevista no apartado anterior, conxuntamente coas tarifas e na mesma porcentaxe, aplicándose a fórmula de revisión prevista na cláusula 8.3 deste prego.

As revisións autorizaranse por acordo da Xunta de Goberno Local.

E na Cláusula 8.3 do citado prego de prescricións administrativas particulares se establece a formula de actualización de tarifas e do canon :

a) A actualización das tarifas ou do canon require a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Para a actualización se empregará a seguinte fórmula:

$$\boxed{[(T-t)Kt]^x(1+y)}$$

T= Tarifa aplicable ao usuario, I.V.E. Incluído.

t= Cota tributaria do IVE.

K<sub>t</sub> = Factor de revisión do contrato.

Y= Tipo impositivo aplicable á operación.

Os índices específicos cuxas variacións serán de aplicación as respectivas ponderacións, serán os seguintes:

- Salarios.- Nivel salarial correspondente ao traballador coa categoría "axente de aparcadoiro" recollidos no apartado letra c.2 do artigo 39 do Convenio Colectivo Xeral de Ámbito Nacional para o Sector Aparcamentos e Garaxes (BOE 31/08/2009).
- Enerxía.- Índice oficial do custo da enerxía eléctrica.
- Conservación e mantemento da maquinaria e equipos.- Índice oficial do custo do cobre.
- Mantemento e conservación de edificios.- Índice oficial do custo do cemento.

E o factor de revisión calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$K_t = \frac{0,40 \times M_t}{M_0} + \frac{0,04 \times E_t}{E_0} + \frac{0,05 \times C_{ut}}{C_{u0}} + \frac{0,03 \times C_t}{C_0} + 0,48$$

Onde,

K<sub>t</sub>= Factor de revisión resultante.

M= Salarios convenio nacional.

E= Índice custo enerxía eléctrica.

Cu= Índice custo cobre.

C= Índice custo cemento.

Os subíndices <sub>t</sub> e <sub>0</sub> correspóndense coa situación do factor no momento da revisión ou execución e no de licitación, respectivamente.

### C) CALCULO DA TARIFA SOLICITADA

Para o calculo da tarifa aplícanse os índices correspondentes ao mes de setembro de 2020 últimos publicados con anterioridade a presentación da solicitude de revisión:

	outubro 2015	setembro 2020 ( últimos publicados )
M mano de obra	14007,530	14897,51
E enerxía	78,703	80,504
Cu cobre	85,647	96,141
C. cemento	100,145	101,242

$$K_t = \frac{0,40 \times 14897,51}{14007,530_0} + \frac{0,04 \times 80,504}{78,703_0} + \frac{0,05 \times 96,141_t}{85,647_0} + \frac{0,03 \times 101,242}{100,145_0} + 0,48$$



## Concello de Vigo

Kt =1,033

Polo que as tarifas resultantes serian as seguintes :

Concepto	Tarifas oferta	Tarifa sen IVE	KT	Nova tarifa sin IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVE incl.)	0,0276 €	0,0228 €	1,033	0,0236	0,0285 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min.( IVE incl.)	0,0274 €	0,0226 €	1,033	0,0234	0,0283 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min.( IVE incl.)	0,0090 €	0,0074 €	1,033	0,0077	0,0093 €
Importe aboamento diurno automóbil residente (IVE incl.)	79,26 €	65,5036 €	1,033	67,6511	81,86 €
Importe aboamento nocturno automóbil residente (IVE incl.)	66,00 €	54,5455 €	1,033	56,3337	68,16 €
Importe aboamento 24 h. automóbil residente ( IVE incl.)	94,92 €	78,4473 €	1,033	81,0191	98,03 €
Importe aboamento diurno motocicleta residente ( IVE incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,033	1,7071	2,07 €
Importe aboamento nocturno motocicleta residente ( IVE incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,033	1,2803	1,55 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta residente ( IVE incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,033	2,6460	3,20 €
Importe aboamento diurno automóbil xeral ( IVE incl.)	6,00 €	4,9624 €	1,033	5,1251	6,20 €
Importe aboamento nocturno automóbil xeral ( IVE incl.)	5,00 €	4,1322 €	1,033	4,2677	5,16 €
Importe aboamento 24 h. automóbil xeral ( IVE incl.)	7,19 €	5,9430 €	1,033	6,1378	7,43 €
Importe aboamento diurno motocicleta xeral ( IVE incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,033	1,7071	2,07 €
Importe aboamento nocturno motocicleta xeral ( IVE incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,033	1,2803	1,55 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta xeral ( IVE incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,033	2,6460	3,20 €

Aplicando o mesmo porcentaxe ao canon inicial ofertado (118,000 €), de conformidade co disposto na cláusula 7. nº 4 do prego de prescricións administrativas particulares, supón un canon de 121.894 €.

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, Órgano competente para a aprobación da revisión de tarifas de conformidade co disposto na vixente lexislación en materia contractual, o seguinte :

## ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736, a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal, como concesionario do mesmo, para o ano 2022, sendo as tarifas máximas a aplicar as seguintes:

Concepto	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVE incl.)	0,0236	0,0285 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min.( IVE incl.)	0,0234	0,0283 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min.( IVE incl.)	0,0077	0,0093 €
Importe aboamento diurno automóbil residente (IVE incl.)	67,6511	81,86 €
Importe aboamento nocturno automóbil residente (IVE incl.)	56,3337	68,16 €
Importe aboamento 24 h. automóbil residente ( IVE incl.)	81,0191	98,03 €
Importe aboamento diurno motocicleta residente ( IVE incl.)	1,7071	2,07 €
Importe aboamento nocturno motocicleta residente ( IVE incl.)	1,2803	1,55 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta residente ( IVE incl.)	2,6460	3,20 €
Importe aboamento diurno automóbil xeral ( IVE incl.)	5,1251	6,20 €
Importe aboamento nocturno automóbil xeral ( IVE incl.)	4,2677	5,16 €
Importe aboamento 24 h. automóbil xeral ( IVE incl.)	6,1378	7,43 €
Importe aboamento diurno motocicleta xeral ( IVE incl.)	1,7071	2,07 €
Importe aboamento nocturno motocicleta xeral ( IVE incl.)	1,2803	1,55 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta xeral ( IVE incl.)	2,6460	3,20 €

SEGUNDO: Aprobar a actualización do canon a abonar polo citado concesionario, de conformidade co previsto na cláusula 7, nº 4 e 8 de prego de condicións administrativas particulares, a contía de 121.894 €

TERCEIRO: Notificar o presente Acordo a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A . aos efectos oportunos.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **15(204).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5274/401.**

Dáse conta do informe-proposta do 04/03/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Oficina de Planeamento, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, a xefa de



## Concello de Vigo

Área de Desenvolvemento Urbanístico, conformado polo xerente de Urbanismo, e sometido ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 08/03/2022, que di o seguinte:

### “ANTECEDENTES E FEITOS

I. Cómpre traer a colación como antecedente do presente, o expediente tramitado nesta administración, e do que trae causa o neste intre tramitado, isto é a “2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo con data do 29.07.2020, do que extractamos a continuación o nel acordado; “(...)

*PRIMEIRO: Estimar, estimar parcialmente e desestimar os escritos de alegacións presentados logo da aprobación inicial da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia e que se relacionan no certificado do Secretario da XMU de data 20.09.2018, de acordo cos fundamentos expostos no informe contestación de alegacións emitido polos servizos técnicos e xurídicos da XMU obrante no expediente e no sentido expresado neste. SEGUNDO: Aprobar definitivamente a 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia promovida polo IGVS e redactado polo arquitecto D. Rodrigo J. Portanet Fontana, conformado pola documentación técnica asinada electronicamente en datas 20.11.2019, 21.11.2019 e 09.12.2019 xunto coa documentación que incorpora, que tivo entrada os días 23 e 27.12.2019 no Rexistro xeral da XMU (docs.190203081 e 190205253). TERCEIRO: Ordenar a publicación do presente acordo no DOG (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra. CUARTO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [http://hoxe.vigo.org/movemonos/urb\\_plan\\_gest\\_1a.php](http://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_plan_gest_1a.php), xunto co informe de resposta ás alegacións recibidas, e no Portal de Transparencia. QUINTO: Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 in fine do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. SEXTO: Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.(..).*

A referida MP, foi publicada no DOG núm. 183 do 9.09.2020, no BOP núm.212, do 3.11.2020, e inscrita no rexistro de planeamento de Galicia o 09.10.2020, co núm.RPG00064/2020, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia.

Pola súa banda, e no que atinxe ao procedemento de xestión, tramitado polo IGVS, a través do sistema de expropiación, procedeuse a apertura nesta administración do expediente co núm. 278/413, en atención a documentación remitida polo IGVS, relativa a expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos afectados, e que se precisan ocupar para a execución dos polígonos do Plan Parcial de San Paio de Navia.

II. Así as cousas, e logo da achega de varias entregas do proxecto de urbanización que nos ocupa, derivadas de senllos requirimentos efectuados por esta administración, á vista dos informes emitidos polos técnicos municipais, - trámites todos eles que obran incorporados ao expediente de razón- así

como as derivadas de diversas reunións de traballo entre ambas administracións que, recollían e concluían a inclusión de diversas modificacións, observacións, no dito proxecto, -debidamente motivadas, de conformidade coa normativa de pertinente aplicación-, con data do 22.02.2022 tiña entrada no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU), baixo o núm. de doc.220039058, impreso de solicitude subscrito polo Director xeral do IGVS,-entidade promotora da presente actuación-, polo que remite os proxectos de urbanización dos polígonos 1, 2 e 3 do Plan parcial de San Paio de Navia, e solicita a tramitación e subsecuente aprobación inicial e información pública dos mesmos, xuntando a tales efectos a preceptiva documentación técnica consistente en: Memoria e anexos, planimetría, pregos, e orzamento, redactada polo empresa Proyfe, SL, de data febreiro de 2022.

III. Examinada a antedita documentación, con data do 04 de marzo de 2022, o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, emite informe técnico, de carácter favorable a actuación proposta, do seguinte teor literal,

“(…) . INFORME.

#### **1. Antecedentes**

*Con data do 28 de abril de 2021, tivo entrada no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) do Concello de Vigo, un oficio do Servizo de Planificación e Ordenación do Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que traslada a esta administración o “Proxecto de Urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia”, para a súa aprobación inicial e información pública aos efectos contemplados no artigo 226.2 do decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, remitindo a tales efectos un enlace para a descarga e consulta do dito documento.*

*Examinada a documentación, o 08 de xuño de 2021 deuse traslado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dos informes emitidos, no prazo establecido ao efecto, polos departamentos municipais de: Normalización Lingüística, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns e Patrimonio Histórico; así como os emitidos polas empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos: UFD Distribución Electricidad, S.A, R Cable Telecomunicaciones e Aqualia-FCC Vigo UTE. Como complemento a estes documentos, remitiuse o informe preliminar sobre o proxecto que foi emitido polo Xefe do departamento municipal de Urbanización e Infraestruturas e asinado dixitalmente en data do 16 de xullo de 2021.*

*O 4 de agosto de 2021, recibíuse un segundo oficio da mesma Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que trasladaba a esta administración una nova versión revisada do “Proxecto de Urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia” na que, segundo se facía constar na remisión, se incorporaban as precisións, suxerencias e modificación contidas nos informes emitidos polos diferentes departamentos municipais así como os emitidos polas empresas subministradoras e distribuidoras de servizos.*

*Máis tarde, e tras manterse o 10 de setembro unha reunión técnica entre todas as partes implicadas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) presentou dous oficios no Concello de Vigo en datas do 26 e 28 de outubro de 2021, remitindo a documentación relativa aos Proxectos de Urbanización dos Polígonos 1, 2 e 3 do Plan Parcial de Navia, para a súa aprobación definitiva. Tras detectar un erro en ambos oficios, o IGVS remitiu novo oficio, en data do 12 de novembro de 2021, indicando que se remite a documentación dos Proxectos de Urbanización de Navia para á súa aprobación inicial e información pública (non para a súa aprobación definitiva), aos efectos contemplados no artigo 226.2 do decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

*En resposta a esta última versión da documentación técnica redactada pola empresa “Proyfe”- do Proxecto de Urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de Navia, o 28 de decembro de 2021 deuse traslado desde a Xerencia Municipal de Urbanismo dos informes emitidos, tanto polos departamentos municipais como polas empresas subministradoras co obxectivo de que se procedera a introducir tódalas modificacións, observacións e considera-*



## Concello de Vigo

*cións ás que aludían, e aos efectos de que á maior brevidade, esta administración, no exercicio da competencia lexítima atribuída polo marco xurídico vixente, puidera proceder á súa aprobación inicial.*

*Durante o mes de Xaneiro de 2022 mantivéronse reunións entre persoal técnico da XMU, o IGVS e o equipo redactor do proxecto que permitiron avanzar na resolución daqueles aspectos que impedían a aprobación inicial do documento. Finalmente, o 22 de febreiro de 2022 recíbese unha última versión dos Proxectos de Urbanización dos Polígonos 1, 2 e 3 do Plan Parcial de Navia. O alcance deste informe límitase á avaliación do proxecto de urbanización do polígono 1 de cara á súa aprobación inicial.*

### **2. Análise da documentación presentada.-**

#### **2.1. Memoria**

*O proxecto contén unha memoria na que se expón, de xeito resumido, o alcance do proxecto, os seus obxectivos e as súas características principais de deseño. Dentro da mesma detectanse alusións e comentarios que resultan de aplicación a outros polígonos do ámbito (Polígonos 2 e 3) que non forman parte do alcance deste proxecto. En calquera caso, interprétanse que estas referencias derivan da visión integrada que o equipo redactor ten de todo o ámbito de actuación.*

*Existe una referencia explícita ó planeamento urbanístico vixente e refírese tomar coma referencia a segunda modificación do Plan Parcial de Navia para o desenrolo do proxecto.*

*Do mesmo xeito, refírese que o IGVS esta a facer as xestións para obter os terreos que se precisan para executar as obras.*

#### *Observación 1.*

*Neste senso cómpre mencionar de xeito explícito que, a máis da necesidade de dispoñer dos terreos do interior do ámbito, non figura no proxecto unha previsión de bens e dereitos afectados para aqueles servizos que presentan conexións fora do ámbito da MPP e que se supón que estarán recollidos no correspondente proxecto de expropiacións. Non obstante, considerase un feito subsanable durante a fase de información pública.*

*Por exemplo, no caso da renovación do colector de augas residuais que conecta o polígono coa marxe dereita do río Lagares, será preciso avaliar se os terreos e servidumes asociadas o colector actual alcanzan para asumir as labores de execución e a instalación definitiva do novo colector de maior diámetro (600mm → 1000mm).*

#### **2.2. Anexos**

*No tocante á descripción e xustificación das solucións adoptadas que figura nos Anexos do proxecto cómpre realizar as seguintes apreciacións:*

- *Anexo 01: Antecedentes*

*Sin comentarios relevantes para esta aprobación inicial.*

- *Anexo 02: Cartografía*

*Achégase levantamento topográfico e especifícase o sistema planimétrico de referencia.*

- *Anexo 03: Reportaxe fotográfica*

*Sin comentarios relevantes para esta aprobación inicial.*

- *Anexo 04: Estudo Xeotécnico*

*O proxecto incorpora un estudo xeotécnico para a avalización das características particulares dos terreos. Non corresponde ó alcance desta aprobación inicial o análise da suficiencia dos ensaios realizados nin a interpretación dos mesmos que, por outra banda, está asinada por técnicos competentes na materia.*

*Únicamente, e á vista dos problemas xurdidos na execución de fases anteriores, advírtese sobre a necesidade de extremar as medidas de control de calidade durante a execución das obras co obxectivo de minimizar os riscos asociados a unha deficiente execución dos firmes.*

- Anexo 05: Estudo de tráfico

Achégase un estudo de tráfico que xustifica os valores adoptados para o dimensionamento dos firmes e que ten en conta as intensidades de vehículos pesados durante a fase de execución.

- Anexo 06: Trazado

Especificase neste Anexo que o trazado viario foi obxecto de definición na modificación do Plan Parcial e xustifícase a inclusión de pequenos axustes puntuais de xeometría que atenden á necesidade de ampliar os radios de xiro para facilitar a circulación de vehículos, pero respetando en calquera caso os anchos mínimos das beirarúas.

#### Observación 2

Dentro do Anexo 06: Trazado refírese que o transporte colectivo local ten rutas establecidas que circulan de xeito preferente polos viais principais do ámbito. Sen contradicir esta información, cómpre matizar que a zona é frecuentada por transportes colectivos distintos os das liñas de autobús con paradas prefixadas o que aconsella validar que os viais de conexión coa rede principal permiten a circulación deste tipo de vehículos. Neste senso considérase que durante a execución dos traballos se debe verificar a capacidade destes vehículos para facer certas manobras, poñendo especial atención, pola súa relevancia dentro da mobilidade no ámbito, ó deseño da rotonda situada no vial de prolongación da Rúa Lamelas e que conecta coa Avenida de Europa.



Figura 1. Rotonda susceptible de comprobación detallada para a verificación da maniobrabilidade de transportes colectivos.

Por outra banda, en sucesivos informes sinalouse dende os servizos técnicos da XMU que é práctica habitual nos desenvolvementos urbanísticos establecer xardineiras baixas, ou zonas axardinadas, no ensanche das esquinas tanto en rotondas como en interseccións viarias, de xeito que o peón quede protexido ante a eventual saída dun vehículo de a estrada, e evitar tamén o estacionamento inadecuado neses puntos. Esta demanda foi parcialmente atendida no proxecto, máis considérase que podería ter unha implantación maior no mesmo durante o desenvolvemento da enxeñaría de detalle asociada á execución dos traballos co obxectivo último de aumentar a seguridade dos peons.

#### Observación 3:

Á vista da documentación aportada cómpre mencionar que as labores de urbanización se restrinxen de xeito estrito ó interior do ámbito afectado pola modificación do Plan Parcial, xenerando problemas de continuidade do trazado naquelas zonas nas que se produce unha interferencia con viais existentes. No caso particular deste polígono 1, este feito faise especialmente relevante na contorna da Rúa San Paio, onde a sección de urbanización





## Concello de Vigo

prevista non ten continuidade cos tramos da rúa que se atopan fora da ordenación do Plan Parcial. A situación referida reflíctese nas seguintes imaxes:



Figura 2. Identificación de zonas con perdas de continuidade na sección de urbanización da Rúa San Paio.

Co gallo de manter a seguridade e funcionalidade do viario afectado polo desenvolvemento do polígono, sería desexable que a sección desta rúa, a lo menos na marxe que colinda co ámbito, se mantivese constante na contorna do mesmo. Este mesmo criterio sería aplicable á continuidade dos servizos que vaian ser obxecto de modificación nese vial (p.e. Alumeado público, gas, rede de pluviais,..).

Neste senso procede recordar o texto do Artigo 15.- Condiciones del Proyecto de Urbanización do Título III da MPP, onde se cita o seguinte:

*Los Proyectos de Urbanización de los nuevos Polígonos 1, 2, 3, deberán definir los itinerarios peatonales y los elementos de urbanización con arreglo a las disposiciones más restrictivas de la normativa vigente en materia de accesibilidad y supresión de barreras arquitectónicas.*

De acordo co anterior, debería primarse a eliminación deste tipo de obstáculos á mobilidade.

De outra banda, no proxecto xustifícase a dotación de aparcamentos incluídos no proxecto e analízase a súa suficiencia respecto do establecido na modificación do Plan Parcial.

### § Mobilidade ciclista

A mobilidade ciclista resólvese, de acordo con establecido na MPP, co deseño dun carril bici que percorre a maior parte do ámbito. Os cambios de trazado deste carril ó respecto do previsto inicialmente, son mínimos e atenden a criterios ben xustificadas que buscan incorporar as leccións aprendidas dende a recente implantación xeneralizada deste tipo de vías.

### Observación 4:

Tendo en conta de que o desenvolvemento das obras de urbanización do ámbito do Plan Parcial vai ser por fases, e preciso que ó remate de cada unha delas os seus elementos teñan una funcionalidade completa. No caso dos carrís bici, o seu trazado debe prolongarse, aínda que sexa de xeito provisional mentres non se executa a fase colindante, para dotalo dunha continuidade que garanta a súa funcionalidade e a seguridade dos usuarios.



Figura 3. Perda de trazado do carril bici no encontro coa Rúa das Lamelas



Figura 4. Perda de trazado do carril bici no encontro coa Rúa das Ufas / Padre Seixas

*Este mesmo criterio sería aplicable no caso de as fases A e B no se executasen de xeito simultáneo: sempre que sexa posible, deben preverse tramos provisionais que den continuidade os peóns ou ciclistas e os permitan dirixirse cara a tramos xa urbanizados.*

*Por outra banda, merece especial atención o encontro do carril bici coa Avda. de Europa no senso de que se está a tramitar por parte do Concello de Vigo o “Proxecto de expropiación e construción dunha acera con carril bici na marxe dereita da Avenida de Europa”.*




Figura 5. Encontro do carril bici proxectado coa Avda. de Europa

*Durante a execución dos traballos debe procurarse unha adecuada coordinación de ambos proxectos para acadar una funcionalidade plena das infraestruturas proxectadas e, no caso de que a obra municipal estivera rematada, prolongar o carril bici proxectado ata acadar a súa continuidade coa Avenida de Europa. En calquera caso, enténdese que os axustes reflectidos nesta observación forman parte da enxeñaría de detalle pendente de desenvolver durante a execución dos traballos e que non supón inconveniente para a aprobación inicial do documento.*

#### § Espazos libres de uso público

*A partir do sistema de espazos libres definido na MPP, o autor refire os criterios empregados para a urbanización destes espazos. De xeito máis pormenorizado, descríbese a actuación prevista en cada unha das zonas verdes do Polígono 1. O deseño destas zonas verdes atende de modo xeral ás prescricións trasladadas desde os servizos municipais.*

- Anexo 07: Deseño de firmes



## Concello de Vigo

O documento describe os criterios xerais que se tiveron en conta para o deseño dos paquetes de firmes das calzadas e a súa adaptación ás características xeotécnicas do terreo.

En reiteración do comentario feito anteriormente, deben extremarse os coidados durante a execución para evitar que se reproduzan as incidencias de fases anteriores.

Do mesmo xeito, se xustifica o dimensionamento dos pavimentos empregados nas aceras, aparcamentos, carril bici, sendas en áreas axardinadas, áreas estanciales en zonas verdes y áreas de xogos e exercicio. Tamén se relatan os bordos e límites empregados para delimitar as distintas áreas.

- Anexo 08: Redes de Servizos

Dentro da memoria especificanse os criterios adoptados para o deseño das redes de servizos máis senlleiras:

### § Redes de saneamento

Na memoria e no Anexo 8: Redes de Servizos, especificanse os criterios de dimensionamento e as características principais de das redes de colectores a augas residuais e pluviais que forman parte do sistema de saneamento.

No proxecto incorpóranse, con carácter xeral, as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Vigo.

### Observación 4:

Aínda que o cálculo das redes proxectadas no interior do ámbito se atopa debidamente xustificado, compre facer a seguinte observación:

O Artigo 15.- Condiciones del Proyecto de Urbanización do Título III. Normas urbanísticas y ordenanzas reguladoras recolle o seguinte:

1.- El sector dispone de un Proyecto de Urbanización de carácter global. Este proyecto se modificará mediante proyectos independientes de urbanización, para cada uno de los polígonos pendientes de desarrollo, en los que se incluyan, en todo caso, el trazado viario propuesto, las redes de servicios y las conexiones a las redes existentes, interiores y exteriores del ámbito.

2.- Toda modificación del Proyecto de Urbanización deberá incluir un apartado específico destinado al sistema de aguas pluviales que incluya la red de drenaje existente, en el que se justifique el sistema de recogida y evacuación de aguas diseñado. Se indica también que se justificará además, de manera explícita, que el sistema ejecutado para las Etapas I, II y III-A, conectado a la red general del Lagares y sus modificaciones, no aportarán caudales de escorrentía a los elementos de drenaje propios de la autovía VG- 20 y contemplará la recogida y evacuación de los caudales procedentes de los sistemas de drenaje de la propia autovía interceptados.

A máis especifica:

(...) Para recoger el agua residual do Sector, es necesario reforzar el colector de descarga (PVC-600 mm) del polígono residencial, en la avda. Ricardo Mella (PO-325), a partir de la rotonda SO bajo la autovía VG-20, conectando el colector del camino de Xuncal de D-700 mm, hasta la descarga en el colector de Margen derecha del río Lagares. La nueva sección será de D-1000 mm.

É certo que se dispón para o novo colector de descarga o diámetro prescrito no texto da citada MPP (DN 1000mm), máis cabe salientar que nin na Memoria nin nos anexos relacionados coa definición destas redes de servizo de saneamento (A08:Redes de Servizos), se atopa a mención explícita sobre a non afección ó sistema de drenaxe da VG-20 e sobre a recollida dos caudais de drenaxe xerados por ela.

Vencellado a isto compre mencionar tamén que a parte inicial da traza deste colector de descarga discorre por terreos de afección das vías VG-20 e Avda. De Ricardo Mella, polo que lle corresponde ó promotor a xestión dos permisos necesarios para a execución deses traballos e o cumprimento das prescricións de execución que puideran impoñer as administracións competentes.

### § Redes de abastecemento

O dimensionamento das redes de abastecemento recóllese no Anexo 8: Redes de Servizos recóllense os criterios de deseño das redes de abastecemento e as súas conexión co exterior do ámbito.

No proxecto incorpóranse as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de abastecemento do Concello de Vigo.

En relación con este servizo pronúnciase a MPP no seu Artigo 15.- Condiciones del Proyecto de Urbanización do Título III. Normas urbanísticas y ordenanzas reguladoras dónde se recolle o seguinte:

*Sistemas Xerais Secundarios de Abastecemento de Auga necesarios para o desenrolo do sector*

*Se deberá garantir el servicio al Sector en caso de avería, mediante la implantación de tres (3) nuevas conexiones á la red municipal existente en: dos en la avenida de Europa y una en el camino de San Paio.*

Cómpre dicir que o proxecto contempla este requisito ó dispoñer dúas conexión na Avenida de Europa e outras dúas na Rúa san Paio.

Pola súa banda, as redes de rega semellan axustarse as prescricións trasladadas polos servizos municipais.

#### § Alumeado público

En xeral, estas redes axústanse as prescricións emitidas polo departamento de servizos electromecánicos do Concello. O proxecto inclúe un estudo para manter o servizo de alumeado público durante a execución das obras e, a máis da revisión pertinente, verificáronse cos técnicos proxectistas os seguintes aspectos:

- Os valores resultantes do estudo de iluminación son acordes coa clase de iluminación seleccionada, que cumpre coa normativa de eficiencia enerxética para o alumeado público destas zonas (vía, beirarrúa,...).
- No estudo de iluminación tivéronse en conta os tramos cos anchos de carril, aparcamento e beirarrúa correspondentes.
- No estudo de iluminación non se tiveron en conta as árbores, pero non coinciden cos puntos de luz e en todo caso controlárase a súa colocación in situ para evitar sombras.

Por último, solicitouse a inclusión no proxecto un estudo definitivo de iluminación "in situ" cuxos resultados deberán cumprir os valores previamente consignados. Polo tanto, unha vez rematada esta instalación, dentro da documentación final aportada ó concello de Vigo, esixírase a entrega do estudo de iluminación "in situ" para comprobar os niveis de iluminación.

#### § Outras redes

O proxecto contén un estudo para a implantación da rede de gas natural e de telecomunicacións que semellan adoptadas as prescricións vixentes neses materias e as emitidas polas compañías suministradoras .

Achégase tamén un estudo para a regulación semaforica da futura intersección entre a Avda. de Europa e a estrada proxectada V-IV-I. O proxectista menciona que a solución proposta admite posibles variacións que deberán ser acordadas co departamento competente en materia de rede semaforica do Concello de Vigo. Enténdese que este tipo de axustes poden facerse durante a execución dos traballos como parte da enxeñaría de detalle que van requirir.

- Anexo 09: Estudio Ambiental

Incorpórase o estudo ambiental que deberá recoller os requisitos impostos polo Informe de impacto ambiental de data 28 de xaneiro de 2021. Corresponde ó promotor verificar a implantación das medidas recollidas no estudo e velar polo seu seguimento.

- Anexo 18: Equipamento urbano

Neste anexo inclúense as fichas dos elementos que constitúen o equipamento urbano de parques infantís e zonas biosaudables, así como outros elementos de mobiliario urbano que se vaian instalar no proxecto (bancos, papeleiras, depósitos de residuos, fosas, portabicicletas, fontes).



## Concello de Vigo

*Segundo o proxectista, trátase dunha documentación técnica de referencia recollida na fase de proxecto, descrita de características estéticas, materiais, funcionais e de durabilidade requiridas para cada unha das elementos do equipamento urbano, con independencia da vivenda comercial que os subministre.*

*De calquera xeito, a empresa contratante das obras deberá xustificar a equivalencia de prestacións da elementos de equipamento urbano respecto dos exixidos neste proxecto e detallados neste anexo e poñer calquera cambio en coñecemento dos servizos municipais responsables desta área.*

- *Anexo19: Solución ó tráfico durante a execución das obras*

*Neste estudo defínense as actuacións recomendadas para o mantemento da circulación e os seus niveis de seguridade durante a execución das obras, xa que calquera interferencia, ben na plataforma ou nas súas proximidades, pode representar un perigo para a circulación, interferindo no seu normal desenvolvemento.*

*Pola súa natureza, este estudo deberá ser obxecto de revisión permanente durante a execución dos traballos e esixirá de coordinación e comunicación permanente cos servizos de seguridade e mobilidade do Concello de Vigo.*

- *Resto de Anexos: 10,11,12,13,14,15,16,17*

*Sin comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.*

### **2.3. Planos**

*Sin comentarios relevantes máis aló dos incluídos nas observación que forman parte deste informe.*

### **2.4. Pliego**

*Corresponde ó proxectista velar por una correspondencia entre as unidades descritas no PPTP e as descripción incluídas nos prezos do presuposto. Do mesmo xeito debe velarse por unaha correspondencia entre as condición de abono descritas e as formas de medición dispostas para cada un dos prezos.*

### **2.5. Presuposto**

*O documento ten os contidos mínimos esixibles sin formar parte do alcance da presente revisión o contrade de medición incluídas no mesmo.*

## **3. Conclusións**

*A derradeira documentación presentada o 22 de febreiro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono 1do Plan Parcial de Navia considerase completa e axeitada para proceder á súa aprobación inicial de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento.*

*Non obstante, recóllense dentro deste informe unha serie de observacións que, en calquera caso, non se consideran incompatibles con esta proposta de aprobación inicial(...)"*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I.- Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- 2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo con data do 29.07.2020,
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

## II.- Natureza, Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O presente expediente, trae causa da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no vixente PXOU-93, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo co obxecto de reordenar as etapas III-B, IV, V e VI (pendentes de desenvolvemento) a fin de, segundo o solicitado, adaptar a ordenación destas etapas á normativa vixente e corrixir as disfuncións detectadas polo dito órgano, sen alterar as determinacións urbanísticas orixinalmente previstas para as etapas xa urbanizadas e executadas.

A ordenación detallada propón para os terreos pendentes de transformación, unha ordenación mixta de edificación en bloques de IV e V plantas e vivendas unifamiliares que se asentarán de forma gradual na transición entre o tecido extensivo da parroquia de Navia e os bloques de vivenda de maior altura do polígono xa executados.

A edificabilidade total lucrativa que se dita MP proxecta é de 717.775 m<sup>2</sup>c (605.528 m<sup>2</sup>c residenciais e 112.247 m<sup>2</sup>c para usos terciarios). Tendo en conta a edificación xa materializada nas etapas xa executadas (416.413 m<sup>2</sup>c de uso residencial e 67.246 m<sup>2</sup>c terciarios), a edificabilidade remanente que se propón nesta modificación para as etapas que restan por executar ascende a 234.116 m<sup>2</sup>c (189.115 m<sup>2</sup>c en uso residencial e 45.001 m<sup>2</sup>c de uso terciario), para aproximadamente 1.599 vivendas máis, que sumadas ás 3.732 xa executadas farán un total de aproximadamente 5.331 vivendas.

A modificación puntual propón para as fases pendentes de desenvolvemento urbanístico unha dotación de 22.757 m<sup>2</sup> de zonas verdes, 23.946 m<sup>2</sup> de equipamentos, 1.213 prazas de novos aparcamentos públicos e a plantación de 2.341 árbores, o que cumpre as reservas mínimas establecidas na LSG para todo o sector de solo urbanizable.


Vista área do ámbito.- fonte proxecto achegado, autoría Proyfe, SL



**Concello de Vigo**

A MP delimita tres po

es para cada un deles;



No que aquí nos interesa, respecta ao polígono 1, abrangue unha superficie de 99.165 m<sup>2</sup>, que se levará a cabo en dúas fases A e B, que se corresponden coas etapas IV-A e IV-B., e se corresponde cos terreos de transición entre o polígono de Navia xa executado e o tecido residencial de Navia cara o Oeste, e a trama urbana de Coia cara o Este.

### III.- Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización da 2ª MP de Navia, (Polígono 1) coas características e resto de parámetros descritos.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como

así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de camiños, canais e portos, desta XMU no informe emitido con data do 04.03.2022.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 04.03.2022 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Proxecto de expropiación, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

#### V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.





## Concello de Vigo

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

### VI.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar posteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

### VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico incorporado ao expediente subscrito con data do 04 de marzo de 2022, que se incorpora e forma parte do presente, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

### ACORDO

**Primeiro.-** Prestar aprobación, con carácter inicial, ao «Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039058), redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago do 31.03.2021, instrumento urbanístico promovido pola Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**Segundo.-** Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos- Agualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

**Terceiro.-** Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, os informes sectoriais que resulten preceptivos, en atención ás características do ámbito.

**Cuarto.-** Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.”

Consta no expediente informe técnico complementario asinado pola técnica de Admón. Xeral, o enxeñeiros de camiños, canais e portos, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo, en 18/03/2022 emitido a solicitude da Secretaria de Administración Municipal en data 15/03/2021. Consta dilixencia da Secretaria Municipal de data 23/03/2022.

Corresponde ao Concello de Vigo (artigo 3.1 dos Estatutos da Xerencia Municipal) a adopción do acordo sendo o órgano competente a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL

### **A Xunta de Goberno local por unanimidade dos membros presentes ACORDA:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación, con carácter inicial, ao »Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039058), redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago do 31.03.2021, instrumento urbanístico promovido pola Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**Segundo.-** Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos- Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

**Terceiro.-** Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, os informes sectoriais que resulten preceptivos, en atención ás características do ámbito.

**Cuarto.-** Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan.



**Concello de Vigo**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Nomeamento como funcionarios interinos de 8 administrativos de administración xeral para distintos servizos. Expte. 39349/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **16 (205).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS INTERINOS DE 8 ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA DISTINTOS SERVIZOS. EXPTE. 39349/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 23/03/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral, pola xefa de área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Mediante escritos que obran unidos ao expediente, asinados polas xefaturas correspondentes coa conformidade das concellerías delegadas competentes, se solicita á área de recursos humanos e formación, entre outras, 17 persoas coa categoría profesional de administrativo de administración xeral para distintos servizos (2 persoas para medio ambiente, 4 para estatística, 1 para participación cidadá, 1 para o parque móbil, 1 para patrimonio, 4 para benestar social, 1 para asesoría xurídica, 1 para parques e xardíns, 1 para transportes e 1 administración electrónica).

II.- Analizada a solicitude, en data 18/02/2022 procédese á incoación de expediente.

III.-Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, unicamente 8 persoas aceptan o nomeamento e están en condicións de ser nomeadas.

IV.- Consta no expediente informe técnico que inclúen a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

V.- Segundo consta na instrución de servizo da concelleira delegada competente, de data de sinatura electrónica, “... tendo en conta as necesidades obxectivas, urxentes e inaprazables derivadas da debida prestación do servizo público xustificadas polos servizos solicitantes e que constan no expediente, é estritamente necesario dispoñer e destinar persoal administrativo nos seguintes servizos:

2 Estatística

2 Benestar Social

1 Participación cidadá

1 Parques e xardíns

1 Transportes

1 Medio ambiente”

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se



## Concello de Vigo

hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

### II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “**el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**” (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos

procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de administrativo de administración xeral (código retributivo 105) por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta nas solicitudes de data de sinatura electrónica unidas ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio



## Concello de Vigo

2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-postosta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, unicamente 8 persoas están en condicións de ser nomeadas por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento. Segundo consta na instrución de servizo da concelleira delegada competente, de data de sinatura electrónica, “... tendo en conta as necesidades obxectivas, urxentes e inaprazables derivadas da debida prestación do servizo público xustificadas polos servizos solicitantes e que constan no expediente, é estritamente necesario dispoñer e destinar persoal administrativo nos seguintes servizos:

2 Estatística

2 Benestar Social

1 Participación cidadá

1 Parques e xardíns

1 Transportes

1 Medio ambiente”

### V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 9 meses é o seguinte:

Cod Rtb	Posto	Nº	Periodo	Imp. Retribucions	Imp. Seg Social
105	Administrativo	8	9 meses	188.600,00 €	49.829,20 €

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

### VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación consta que:

- Logo de verificar as listaxes de reserva para a categoría de administrativa/o de administración xeral, existe lista vixente con persoal en condicións de ser notificado.

- Unha vez producidas as renuncias correspondentes, que obran no expediente administrativo de referencia e rematada a dita lista de aspirantes, e sempre a salvo de erro ou omisión,

procede o chamamento como administrativas/os das persoas que se relacionan a seguir, que xa presentaron a documentación requirida para o efecto. Todo isto de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva, aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados pola aplicación informática para xestionar as listas de reserva, desenvolto polo Servizo de Administración Electrónica:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***9471**	M. J. Moya Queimaño
2	***2167**	V. Domínguez Borines
3	***2729**	A. Escariz Covelo
4	***9436**	M. M. Alonso Rodríguez
5	***5128**	J. M. Garcia Villasante
6	***3596**	M. E. Gil Alonso
7	***0889**	A. B. Goenaga González
8	***3967**	S. de Peroy Pereira

#### VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

#### VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da





## Concello de Vigo

Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 8 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: administrativo de administración xeral
- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Estatística, Benestar Social, Participación cidadá, Parques e xardíns, Transportes, Medio ambiente
- Período temporal: 9 meses (dende o 1 de abril), expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: 238.429,2 € desglosados segundo informe técnico de data 21/03/2022:

Cod Rtb	Posto	Nº	Periodo	Imp. Retribucions	Imp. Seg Social
105	Administrativo	8	9 meses	188.600,00 €	49.829,20 €

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 39349/220 obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***9471**	M. J. Moya Queimaño
2	***2167**	V. Domínguez Borines
3	***2729**	A. Escariz Covelo
4	***9436**	M. M. Alonso Rodríguez

5	***5128**	J. M. Garcia Villasante
6	***3596**	M. E. Gil Alonso
7	***0889**	A. B. Goenaga González
8	***3967**	S. de Peroy Pereira

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura das Áreas/Servizos, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(206).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE



**Concello de Vigo**

Abel Caballero Álvarez